

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 30 de novembro de 2006**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión Plenaria ordinaria que se celebrará o vindeiro xoves, día 30 de novembro de 2006, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

***Declaración institucional**

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior nº 11/06, do 26 de outubro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 18.953 á nº 21.743.

3.-Proposición da Presidencia sobre o cambio de data da sesión ordinaria de decembro de 2006.

Economía, Facenda e Especial de Contas

4.-Orzamento xeral para o exercicio económico 2007 e bases de execución.

Plans Especiais, Contratación e Equipamento

5.-Adxudicación da xestión do Teatro Colón e a realización de accións socioculturais na provincia da Coruña na modalidade de concesión.

6.-Aprobación da 2ª fase do Plan adicional 1/2005 ao Plan de investimentos locais 2005.

7.-Aprobación do convenio entre a Escola de Práctica Xurídica da Universidade e dos Ilustres Colexios de Avogados e de Procuradores de Santiago de Compostela e a Deputación da Coruña, para o financiamento das prácticas dos alumnos da Escola de Práctica Xurídica nos departamentos de urbanismo dos concellos da provincia da Coruña.

8.-Aprobación da modificación do proxecto da obra do Concello de Ribeira "Restauración do adro da Igrexa de S. Pedro (Palmeira), incluída no Plan de liquidación de 2000 da recuperación da arquitectura popular. Códigos 99.4100.0429 e 00.4100.0429.0.

9.-Aprobación do Plan especial de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2006.

Cooperación e asistencia aos concellos

10.-Aprobación da modificación da distribución interna do financiamento do Plan de eliminación de barreiras arquitectónicas 2006 cofinanciado con fondos FEDER, IMSERSO, FUNDACIÓN ONCE E DEPUTACIÓN.

11.- Toma de coñecemento dos informes emitidos pola *Empresa KPMG Auditores S.L.* sobre a revisión dos criterios establecidos no art. 4 do Regulamento (CE) 438/2001, nas obras no Programa operativo local 2000-2006, e proposta de medidas de mellora.

12.-Aprobación dun convenio co Concello das Pontes de García Rodríguez para o financiamento da creación dunha aula de enerxía renovábel en Cuba.

Infraestruturas Viarias: Vías e Obras provinciais

13.-Aprobación provisional á 4ª relación da 3ª fase do Plan de travesías 2005 integrada polo proxecto de travesía na EP 0603 de Boimorto ao Orxal pola Mota, p.k. 0,30 ao p.k. 1,30 (Boimorto)

14.-Aprobación ao Plan de vías provinciais 2006 4º fase, integrado polo proxecto complementario nº 1 da obra ampliación e mellora do trazado na EP 3203 Burricios a Penamartín dende do p.k. 6,375 ao p.k. 12,750 e toma de consideración do proxecto incluído nel.

15.-Aprobación técnica do proxecto de ensanche, mellora de trazado e afirmado da EP 7804 Val do Dubra a Santiago (tramo Agro do Mestre-Santiago) p.k. 10,590 ao 22,950 (fracción río Tambre-Santiago) Santiago de Compostela que integrarán a 11ª relación do Plan de vías provinciais 2006-2008 de acordo co programa de investimentos de vías provinciais 2006-2008, e solicitude á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación.

16.-Aprobación técnica do proxecto de ensanche, mellora de trazado e afirmado da EP 7804 Val do Dubra a Santiago (tramo Agro do Mestre-Santiago) p.k. 10,590 ao 22,950 (fracción Agro do Mestre-Río Tambre) Trazo que integrarán a 11ª relación do Plan de vías provinciais 2006-2008, de acordo co programa de investimentos de vías provinciais 2006-2008, e solicitude á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación.

Promoción Económica, Emprego e Turismo

17.-Proposta de incorporación da deputación á Fundación “Refuxio de Animais” e concesión dunha achega provincial ás obras da canceira de Santiago de Compostela.

18.-Proposta de formalización dun convenio administrativo para promover o financiamento de obras de adecuación do recinto Feiral de Ferrol (FIMO).

[19.-Proposta de aprobación do Proxecto ASPIRE, ao abeiro do programa “Enerxía intelixente para Europa”.](#)

[20.-Resolucións das alegacións formuladas pola asociación NERIA contra a resolución da Presidencia da Excm. Deputación Provincial da Coruña pola que se resolveu o pagamento da cota de socio da deputación correspondente ao exercicio de 2006.](#)

Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

[21.-Proposta de concesión de subvención á entidade APEM \(Asociación pro doentes mentais\) para a reforma e ampliación do centro “Os Chopos” na Coruña.](#)

[22.-Toma de coñecemento da concesión de axuda pola Comisión Europea, Dirección Xeral de Emprego, Asuntos Sociais e Igualdade, para o proxecto de fomento da igualdade de oportunidades “Traballando na corresponsabilidade no ámbito local”, e acordos sobre a súa execución.](#)

Persoal e Réxime Interior

[23.-Aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo, ano 2007.](#)

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN

ROGOS E PREGUNTAS

DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Non asisten os Sres. Caamaño Louro e López Crespo.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. Secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. Secretario

Declaración institucional de felicitación ao triatleta ferrolán, Xavier Gómez Noia.

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña felicita ao deportista ferrolán Xavier Gómez Noia, por se proclamar campión do mundo de triatlón na edición de 2006. Gómez Noia, que xa fora campión do mundo sub23 en 2003, é un exemplo de deportista e superación constante, e culmina así unha evolución formidábel na súa carreira de triatleta.

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR Nº 11/06, DO 26 DE OUTUBRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 11/06, do 26 de outubro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 18.953 Á Nº 21.743.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 18.953 á nº 21.743.

3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DE DECEMBRO DE 2006.

Por unanimidade, ratifícase a inclusión deste punto na orde do día e acórdase, tamén por unanimidade.

“Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da deputación provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), lle atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación provincial.

Tendo en conta que a sesión ordinaria do Pleno de decembro correspondería celebrala o 28 dese mes, durante as festas de Nadal, e que esta circunstancia non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada,

Polo tanto, como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión plenaria do 17 de setembro de 2004,

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“A sesión ordinaria do Pleno da Deputación provincial correspondente ao duodécimo mes de 2006 celebrarase o día 22 de decembro, venres, a partir das doce horas.”

4.-ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2007 E BASES DE EXECUCIÓN.

INTERVENCIONS

Sr. Lagares Pérez

Bos días a todos, antes de iniciar a miña intervención quero dar a benvida ao meu compañeiro de Corporación e de grupo, Germán Diz, pola súa incorporación a este Pleno.

Sempre que falamos dun orzamento, podemos dicir que é un dos feitos políticos máis importantes, sen dúbida un dos máis importantes do ano e que vén ser a expresión económica-política deste equipo de goberno que busca a cooperación e a solidariedade con todos os cidadáns da provincia. É o inicio dun camiño que non é un camiño cerrado, é un camiño aberto, non é algo estático, é algo dinámico e que, como veremos ao longo do desenvolvemento do exercicio, veremos que haberá modificacións, cambios, expedientes, todo isto que se inicia ao inicio dun camiño económico-político,

que finalizará no seu momento coa aprobación da correspondente Conta Xeral no seu momento.

O pasado 26 do mes no que estamos, do mes de novembro, cumpríronse tres anos de goberno de coalición progresista entre o Bloque Nacionalista Galego e o PSdeG-PSOE. En todo momento tratouse, por parte deste goberno de coalición, e tratarase, mentres tanto representemos este mandato que nos deu o pobo da provincia, de que a deputación sexa o concello de concellos, que actúe dunha maneira áxil, obxectiva, cooperativa e solidaria, sen distinción de cor política en ningún concello da provincia, xa que logo, podemos dicir, que si goza de boa saúde este pacto de goberno e, como veremos ao longo da miña intervención, tamén goza de boa saúde a economía provincial.

Cales son as características globais, políticas, deste orzamento inicial? En primeiro lugar eu diría que o eixe principal deste orzamento é a asistencia técnica, xurídica e económica aos concellos, así como a elaboración dos plans de cooperación correspondentes, destacando o Plan de cooperación ás obras e servizos. En segundo lugar, diría que é un orzamento realista, que toma en consideración os ingresos previsíbeis e os gastos necesarios, trátase tamén dun orzamento solidario, no capítulo de servizos sociais aprécianse incrementos que van dirixidos a esas capas sociais que máis o necesitan da nosa sociedade, da nosa provincia. Eu aquí quería facer tamén fincapé nun acto que está a ocorrer neste momento no Congreso dos Deputados en Madrid, que se está a aprobar a Lei de dependencia, que é un feito importante, e que se vai aprobar, creo que practicamente por unanimidade, así como espero que se aproben estes orzamentos de cara ao ano que vén. Esta solidariedade que se vai expresar e que se expresou coa viaxe recente do presidente e dos distintos voceiros dos grupos políticos ás terras do outro lado do mar, de Bos Aires, de Avellaneda e de Montevideo, onde puidemos ver e comprobar a necesidade de seguir a colaboración solidaria con eses irmáns nosos.

Continúase co Servizo de Modernización das distintas zonas tributarias, cremos que o Servizo de Recadación, Xestión e Inspección Tributaria é unha das bandeiras importantes que ten esta deputación e este equipo de goberno así o valora, e estalle a dar a forza que necesita. Imos tratar que esas zonas, os lugares onde están situadas, sexan sedes, ou subsedes, dotalas dun servizo de prestación auténtica de toda a información desta casa, á vez estase a finalizar a instalación de puntos de información catastral, que van dar unha información e un servizo aos cidadáns, que estimamos de moita importancia.

Outro aspecto importante é que no vindeiro ano cumprimentaremos o Plan estratéxico provincial. O Plan estratéxico provincial, como é coñecido polas señoras e señores deputados, vén ser un diagnóstico, un estudo económico-social da nosa provincia, que se fai en colaboración coa Fundación Caixa Galicia e coas Universidades de Santiago e A Coruña. Esperamos que coa incidencia que tivo o

Programa operativo local e outros activos de tipo sociolaboral da Unión Europea, e que coincidindo coa nova entrada dos fondos europeos 2007-2013, que sirvan estes como referencia e como aplicación do Plan estratéxico provincial. Así mesmo continuarase coa enquisa e equipamentos locais, adaptándoa e facendo a súa posta ao día.

Outro aspecto importante digamos que é a continuación da cooperación da loita contra o lume. Recentemente tivemos varios problemas no país galego, onde vimos como no mes de agosto tivemos unha semana de auténtica catástrofe, e recentemente están aí os datos das riadas e os datos da non recuperación do marisqueo nalgúns bancos importantes. A deputación segue colaborando neste aspecto con preto de 6 millóns de euros, posiblemente reconsiderando as conclusións que saque a Comisión para tal efecto que se fai no Parlamento de Galicia, os GRUMIR, as brigadas contra incendios, o servizo de bombeiros, a limpeza de praias, forman un abano importante que penso que as Sras. e os Sres. deputados valoran de forma favorábel.

Queremos, como non, garantir para o 2006-2007, o Plan de emprego de acordo cos representantes sindicais, esta institución provincial vai continuar coa promoción interna e a reorganización administrativa, e outras melloras de cara ao persoal, tanto funcionario como laboral, que aparecen reflectidas concretamente na base 40 do Orzamento provincial.

Podemos dicir que facemos austeridade coa apelación ao crédito, coa mesma contía que no exercicio pasado, nove millóns e medio de euros, a deputación trata de que a débeda viva, a débeda acumulada, sexa cada vez menor, neste ano prodúcese unha baixa de preto de medio millón de euros, e sitúanos a apelación ao crédito, como indicaba antes, en 9,5 millóns, que estarán destinados o cen por cento ao principal plan desta deputación, o Plan de cooperación ás obras e servizos, coñecido por POS.

Estamos en Europa, formamos parte da Unión Europea, a ela temos que integrarnos e temos que mirar, e aí temos que mirar aos novos depósitos de emprego, a través de distintos programas e distintas actuacións que este goberno tenta acometer. Pasamos dunha cantidade de 372.000 euros a 1.200.000, os programas EQUAL, INTERREG, Proximitas Plus, etc., van a estar engadidos ao CRONOS, e á UPD, a Unidade de Promoción e Desenvolvemento Provincial, que virá ser unha especie de axenda de emprego e onde vai buscar eses obxectivos de loitar contra a xente que non ten un posto de traballo digno, e sobre todo no sector feminino.

E xa nestas características iniciais, dicir que os investimentos, os programas, as situacións, alcanzan, segundo teñen na documentación que pasei a todas as Sras. deputadas e aos Sres. deputados, alcanzan o 71,21%, quere dicir nin máis nin menos que de cada 100 euros, 71,21, incrementamos un pouquiño o reto do ano pasado, que eran 70, se mal non lembran, están destinados aos investimentos, melloras dos servizos, fomento do emprego, turismo para os cidadáns da provincia que son, en definitiva, os últimos destinatarios destas melloras.

Todos sabemos que detrás dun orzamento hai números, pero existe unha filosofía política, a filosofía deste goberno é alcanzar os obxectivos propostos aquí coas reformas que se poidan trasladar. Dentro da súa metodoloxía de traballo, eu quero comezar agradecendo aos funcionarios en xeral que de forma directa ou indirecta colaboraron co equipo de Goberno e tamén me consta co Grupo Popular da oposición, en distintas facetas deste. En especial, quero ter aquí un recordo para o grupo de Presupostos e Estudos Económicos, que me consta que traballaron intensamente en colaboración co equipo de Goberno e máis con este deputado que está no uso da palabra, para eles o noso agradecemento.

É importante subliñar que presentamos o orzamento en tempo e forma, e que se tratou de facer un orzamento basee 0, quere dicir un orzamento amplamente participativo, xefes de Servizo, xefes de Sección, directores do Centro, e como non, os políticos coordinadores participaron amplamente nesta bagaxe de números que, sen dúbida, haberá que mellorar.

E en relación ao calendario, os grupos políticos tiveron no seu poder un anteproxecto do orzamento que estamos agora debatendo o día 21, o martes 21 do corrente mes de novembro, o luns día 27 tivemos a Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, e hoxe estamos no debate orzamentario nesta Cámara.

Cales son as características xerais do Orzamento da Deputación da Coruña inicial para o 2007? Dicir que é un orzamento de 179.225.270, que significa, máis ou menos, 160 euros por habitante da provincia, cun incremento global de 12,4 millóns de euros, o que significa porcentualmente o 7,42 en relación aos parámetros comparativos do exercicio 2006.

Quero facer unha pequena referencia a tres conceptos a partir de agora, sen ánimo de me estender moito na intervención: aos ingresos, ao endebedamento e ao capítulo de gastos que, como poden ver as Sras. e Sres. deputados, nos cadros de barras e no diagrama circular, aparecen perfectamente reflectidos e que son, eu creo que moi didácticos.

En relación ao capítulo de ingresos destacar, coma sempre, a falta de autonomía orzamentaria das deputacións, neste caso e neste orzamento inicial existe autonomía orzamentaria dun 15%, fronte a un 85% de dependencia orzamentaria. Como sabemos todos moi ben, esta autonomía orzamentaria está no imposto de actividades económicas, no gravame do 25%, está nas taxas e prezos públicos, está no alleamento de investimentos reais e está fundamentalmente tamén no crédito, que é a partida maioritaria. A isto hai que engadir no capítulo I os impostos directos, que foi unha novidade hai dous exercicios, relativos ao IRPF e ao IAE, as cotas nacionais, provinciais e da recarga provincial ao que me refería como algo propio da deputación.

Quero destacar as transferencias correntes e a súa estrutura de participación. En primeiro lugar, a cesión da recadación territorializada, do IVE, do IRPF, dos impostos especiais, con algo máis de 21 millóns de euros, case 22. O fondo complementario do financiamento local, que é a contía máis importante, 111,7 millóns de euros, e que supón un incremento importante, o 7,83%, practicamente o que medra en si o orzamento inicial do exercicio 2007. E o terceiro eixe destas transferencias de tributos do Estado está na compensación de minguas dos ingresos do IAE, este equipo de Goberno estima que é insuficiente, non foi bo nun momento dado que se retirase e neste momento pedimos que as participacións sexan máis elevadas, así como a participación no Fondo de Cooperación Local da institución autonómica, no cal non figura ningún apartado para as deputacións e, en concreto, para a Deputación da Coruña. Se a isto engadimos os ingresos patrimoniais, as transferencias de capital, que se manteñen inalterábeis, igual que en 2006, e a moderada apelación ao crédito estaremos ante o total dos ingresos, que son igual que os gastos.

Dicir que no aspecto de ingresos e de gastos hai un capítulo que eu quero destacar, que cumprimos estritamente a Lei de estabilidade orzamentaria, pero tamén quero dicir que no capítulo de ingresos tamén temos que ir a por máis. Falábase utopicamente, e sempre insisto no debate orzamentario, da participación do gasto público das institucións, e chegabamos á conclusión de que tiña que ser, alá polo ano 95 na Asemblea da FEMP da Coruña, no 50-25, refirome, 50 Estado, 25 Comunidades Autónomas, 25 entes locais, concellos, deputacións, cabidos e consellos insulares. Pois ben, non chegamos a alcanzar, evidentemente, o 25, estamos no 13,5%, o cal é unha cifra que consideramos tamén baixa, e temos que lembrarnos os municipalistas que na última Asemblea da FEMP o desexo, que as utopías sempre son boas, e que merecen unha cura cando se transforman en realidade, entón pediamos o 33,33%.

Outro aspecto ao cal me vou referir é o aspecto do endebedamento. Estamos ante a débeda máis baixa da deputación desde o ano 2001, concretamente como dicía ao inicio da primeira intervención, redúcese preto de medio millón de euros, e cremos que estamos nunha banda sobre o 110% dos recursos liquidados, do 72,6, por iso digo que gozamos de boa saúde, a nivel de economía provincial, e esperemos que todos fisicamente tamén, por suposto. Pero se a estes conceptos engadimos un bo aforro bruto, 57 millóns e medio, un bo aforro neto, 46,5 millóns sobre os ingresos previstos, non sobre a liquidación do exercicio 2005, que tamén se podería utilizar este concepto, e sería un concepto aínda máis elevado e significativo, e cunha carga financeira do 11,26 sobre o 25%. Creo que son datos contundentes para reflectir que esa boa saúde da economía provincial é boa, aínda que coma sempre, todo é mellorábel.

Xa na clasificación de gastos, obedece a tres criterios: o criterio orgánico, o criterio funcional e o criterio económico. E neses gráficos que lles entreguei a vostedes e onde aparecen reflectidos nos diagramas de barras e nos diagramas circulares as distintas economías que se están a facer, vemos perfectamente como, indubidablemente, son perfectamente claros. Aquí temos unha parte, o que digamos

van destinado a investimentos, a programas, ata o capítulo de persoal, que significa o 19,02%, e vemos como a xestión de Plans e infraestruturas, o que compete, e o de maior importancia das Corporacións provinciais é o máis destacado, con algo máis de 38 millóns e o 21,44%, e aquí estamos co Plan de obras e servizos que é o programa estrela que mantén os mesmos criterios que temos pactados tres grupos desde hai anos, e que significa un incremento de medio millón de euros, e que vai directamente para que os municipios o xestionen da forma máis autónoma.

Este equipo de Goberno, e cóstanos que tamén o grupo do Partido Popular, cre constantemente, día a día, nesa autonomía municipal tan necesaria, pero como sempre dicimos que esa autonomía, ou esas competencias sempre teñen que vir acompañadas das economías suficientes, e que se se van dando pasos no pacto local, estes pasos teñen que ser máis abundantes, teñen que ser máis profundos e teñen que ser moito máis concretos.

Tamén destacar o capítulo de educación, cultura e deportes, con distintos programas, desde colaboración cos concellos en actividades culturais, actividades deportivas, e que supoñen o 14,18%.

Merece destacar que os 2.400, máis ou menos, quilómetros de estradas provinciais, merecen unha actuación, tanto en mantemento e conservación, como en investimentos, como en Plan de travesías. Aquí estamos a apostar duramente e, como xa explicaba na Comisión, o capítulo de mantemento e conservación, que figura no capítulo II, no gasto corrente, sería un matiz para que pasase ao capítulo VI, dado que, que ocorre?, o gasto corrente, como ven nos datos, incrementase, porque temos aí a partida de conservación, pero realmente o gasto corrente ten unha mingua e está adaptada ás circunstancias estritas do funcionamento desta institución provincial.

Como non, destacar tamén en promoción e incentivos económicos o esforzo que se está a facer en temas como o turismo, como os problemas da loita contra o lume que facía nas características xerais e que non vou repetir, de máis ou menos seis millóns de euros; como o fomento do sector primario, en colaboración cos tres sindicatos máis representativos, a través de subvencións homoxéneas e equitativas, a cada un o mesmo. E xa política social, as políticas da Unión Europea, de modernización, non quero estenderme moito nesta primeira intervención, dixeran que ía tratar de ser o máis breve posíbel.

O que si quero destacar é que debemos de seguir traballando todos pola provincia, e así me consta que se está a facer por todos os grupos. Consideramos que é necesario dar uns mellores servizos aos nosos cidadáns, consideramos que as zonas de Recadación necesitan unha maior achega, máis do que aínda vai neste orzamento. Consideramos que as vías e obras, as actividades culturais, o Programa operativo local, os programas da Rede viaria local, o Programa de travesías, que agora aparecen cunha cantidade, entón veranse incrementados. E como non, simplemente, e xa para ir acabando, dicir

que no nome do equipo de Goberno consideramos que este é un orzamento realista, solidario, que vai destinado aos cidadáns da provincia, con ese 71,21 euros de cada 100 en actividades, en promoción, en investimentos, en mellora de servizos, etc., etc., que se orienta de forma práctica a todos os cidadáns da provincia inspirados nesa cooperación e nesa solidariedade e polo cal, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, pido o voto favorábel. Nada máis de momento e moitas grazas.

Sra. Cea Vázquez

Eu tamén quero en primeiro lugar no nome do grupo provincial do BNG dar a benvida ao compañeiro e deputado, Germán Diz, manifestando en nome do noso grupo, a nosa alegría de que se encontre novamente entre nós.

E xa o tema que nos ocupa hoxe, que é o do orzamento para o 2007. Despois da intervención do deputado responsábel da área de Economía e Facenda, o Sr. Lagares, quero facer tamén en nome do grupo provincial do BNG a valoración que nos merece o presente orzamento de 2007 que lle presentamos a este Pleno provincial. Non vou repetir as cifras e partidas económicas de cada capítulo, posto que xa foron claramente expostas polo deputado de Economía, senón que procurarei comentar e escoller os aspectos e investimentos máis destacábeis, á nosa maneira de ver, do presente orzamento.

En primeiro lugar, creo que é necesario lembrar, novamente, que este é o cuarto orzamento que presenta o actual goberno en só tres anos de mandato, o cal dá boa conta da cohesión do goberno provincial e do alto grao de sintonía entre as forzas que sustentan o actual goberno provincial. Falamos, xa se indicou, dun orzamento que pasa dos 179 millóns de euros, evidentemente, hai moitas cifras que dar e que comentar, pero o meu grupo quere escoller e comentar un dato, que é o que fai referencia aos investimentos desta deputación, é dicir, aos proxectos, actividades, programas e obras que se van realizar nos 94 concellos da nosa provincia, e ese dato contundente é o de case 128 millóns de euros, é dicir, algo máis do 70% deste orzamento que vai estar dedicado a investimentos.

E dentro do capítulo de investimentos quero comezar falando do POS, do Plan de obras e servizos da deputación, que segue sendo, como comentaba o deputado Sr. Lagares, o proxecto estrela da deputación, non só pola importante cantidade que se lle dedica, case 24 millóns de euros, 22.600.000 da deputación máis o 5% dos concellos, senón polo elevado número de obras que se van realizar. Na Asistencia aos Municipios, na que se inclúe o POS e o POL, recóllese unha partida de 1.200.000 euros para elaborar un Plan de modernización da administración local, que persegue modernizar os gobernos locais a través da utilización de tecnoloxías da información.

Citar tamén que neste orzamento se recolle unha partida de 200.000 euros para continuar co Plan de depuración de augas residuais en pequenos núcleos rurais, experiencia nova que comezamos no ano 2005 e que ten como obxectivo desenvolver no medio rural unha serie de actuacións de depuración de augas residuais.

Outro aspecto importante a destacar neste orzamento é o relativo ao turismo. Temos unha provincia cunhas potencialidades turísticas extraordinarias e, por iso, destinamos a este aspecto un millón de euros máis que o ano pasado, chegando ata os case 3 millóns de euros, para continuar coa promoción, potenciación e impulso de todo o turismo provincial, como xa se vén desenvolvendo no Plan de dinamización da Costa da Morte, no de Barbanza-Arousa Norte, nas bisbarras de Ferrol, Eume e Ortegá, para o que se asinou neste mesmo ano 2006 un convenio de colaboración entre as tres administracións, Estado, Xunta e Deputación. E tamén é de destacar que, por primeira vez, un goberno provincial atenda á riqueza turística de concellos pequenos e rurais do interior da nosa provincia e estoume a referir en concreto á zona de Portodemouros, para o que se asinou no mes de xullo deste ano un convenio entre a Deputación e a Consellaría de Innovación e Industria, para o cal se investirá nesa zona 1.200.000 euros.

O que se pretende, en definitiva, con estes plans de turismo, é aproveitar os recursos paisaxísticos, ambientais, económicos e culturais que ten cada unha das zonas citadas co obxectivo fundamental de as dinamizar e melloralas.

Noutra orde de cousas seguiremos prestando atención aos sectores primarios, agricultura, gandería e pesca, tres sectores fundamentais para a provincia e por iso aparecen partidas de 800.000 euros para o fomento do sector pesqueiro, e de 950.000 euros para subvencións dirixidas ao sector agrario, aumentando considerabelmente en relación ao exercicio anterior, sen nos esquecer que tamén se atende por igual aos tres sindicatos agrarios do país, Sindicato Labrego Galego, Unións Agrarias e Jóvenes Agricultores, que recibirán cada un deles 100.000 euros, por igual, así como o apoio por terceiro ano consecutivo de programas de agricultura ecolóxica, con algo máis de 120.000 euros.

(Abandona o salón o Sr. Campo Fernández).

Aprobamos tamén neste orzamento os programas que seguimos considerando prioritarios e preferentes, falo das políticas de igualdade de xénero, que contan con algo máis dun millón de euros, e os programas de normalización lingüística, que seguirán contando con 450.000 euros para actividades encamiñadas a manter, coidar e impulsar o uso da nosa lingua. Neste sentido é necesario tamén destacar que este ano, ben, no ano 2007, volverán a ter axudas de ata 12.000 euros todos os concellos da provincia que contan co Servizo de Normalización Lingüística.

Pero ademais de todas as actuacións para os 94 concellos, non podemos esquecernos dos galegos e galegas que viven, por suposto, lonxe do noso país, é dicir, a nosa xente que está na emigración. E neste orzamento, como non pode ser doutra maneira, mantéñense os programas de solidariedade en comunidades galegas do exterior.

Por suposto, a solidariedade é unha obriga nos plans e programas desta deputación, e neste sentido quero citar tamén como exemplo a partida de algo máis dun millón de euros para entidades da provincia que prestan servizos sociais. Seguiremos achegando 30.000 euros para colaborar co mantemento do piso de acollida do Comité Antisida, o apoio á construción do Centro para a Asociación Down de Compostela, tamén para a Asociación Amipa ou, por exemplo, destacar os 500.000 euros para a construción do centro terapéutico da Fundación Afaco, sen esquecer tamén a especial atención que prestaremos ás persoas que sofren algún tipo de discapacidade porque, entende o meu grupo, e entende o equipo de goberno, que sendo importante a atención que se lle presta ás estradas, á agricultura, á pesca, á industria ou ao turismo, por exemplo, non o é, non é menos importante o cobizoso programa de eliminación de barreiras arquitectónicas nos nosos concellos, que xa impulsamos desde este mesmo ano. Este Plan de eliminación de barreiras arquitectónicas contribuirá a mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas dos concellos coruñeses, que é o obxectivo fundamental desta deputación. Para demostrar o decidido compromiso desta deputación coas persoas discapacitadas desta provincia, non chegan só as palabras e as boas intencións, senón que ese ten que vir acompañado de apoio económico, e por iso hai dous meses que aprobamos case tres millóns de euros para que todos os concellos que o solicitaron poidan adaptar as súas casas dos concellos ou edificios municipais, e instalar así neles ascensores, plataformas, ramplas, ou ben aseos adaptados. Por suposto, o goberno desta deputación ten moi claro que a política social dirixida ao colectivo de persoas con discapacidades, ten que constituír unha das prioridades das diferentes administracións públicas, e cos investimentos que a isto dedicamos, pensamos que queda máis que demostrado.

Unha vez dito isto, manifestar tamén que é unha satisfacción para o grupo provincial do BNG poder presentar xa a día de hoxe este orzamento, pois non é nada doado presentar uns novos orzamentos antes de finalizar o ano. Non quero finalizar a miña intervención sen transmitir tamén, por suposto, os nosos parabéns e agradecemento aos traballadores e traballadoras desta casa e aos diferentes servizos que fixeron un gran esforzo nas últimas semanas para que a día 30 de novembro esteamos a debater o orzamento de 2007, seguro que é un orzamento mellorábel, pero o que está claro é que o feito de dedicar máis do 70% deste a investimentos, pensamos que merece ser valorado moi positivamente. A partir do 1 de xaneiro do novo ano temos que transformar as diferentes partidas económicas deste orzamento en proxectos, feitos, obras, que axuden a mellorar a calidade de vida e o benestar nos concellos da nosa provincia. Ese é o noso principal obxectivo, e continuaremos esforzándonos nesa tarefa, posto que é a nosa obriga, para os facer realidade. Moitas grazas, Sr. presidente.

Sr. Lamas Sánchez

Bos días a todos, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados. Sr. Germán Diz, unha aberta moi forte e moi sincera de todos os deputados do grupo do Partido Popular. Efectivamente, como dicía o Sr. Lagares, estamos ante un Pleno cun contido económico moi importante, no que se está a debater o cuarto orzamento do actual equipo de Goberno, formado polos grupos do PSOE e do BNG, o tamén denominado por vostedes, nalgunha ocasión, como goberno de progreso.

Pois ben, na nosa opinión, as cifras que hoxe se someten a esta Cámara para a súa aprobación, non poden ser consideradas precisamente como progresistas porque, baixo o noso punto de vista, non responden ás fins propias específicas desta institución, que non son outras que as de garantir a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal na totalidade do territorio desta provincia. Trataremos de xustificar este criterio con datos obxectivos e con cifras emanadas dos documentos económicos que temos na nosa posesión.

Respecto aos ingresos, de entrada estamos de acordo co que se sinala na memoria de Presidencia en canto a que os ingresos sempre son escasos, efectivamente, esa é unha realidade. Pero gustaríanos, sen dúbida, a todas e a todos os deputados que cremos firmemente na función das deputacións, nun sistema de transferencias, tanto do Estado como das Comunidades Autónomas, que nos achegase maiores recursos, pero hai que lembrar que coas últimas modificacións efectuadas polo Goberno, por certo, do Partido Popular, mellorou este financiamento dunha forma substancial. Así as transferencias do Estado medraron un 26,19% no período 2003-2007, mentres que os outros ingresos propios da deputación, estamos a falar dos capítulos III e V, taxas e ingresos patrimoniais, incrementáronse no mesmo período 2003-2007, un 10,80%, e permítanme recalcar isto, porque entendo que é fundamental, o financiamento do Estado incondicionada medrou un 26,19%, os ingresos propios un 10,8%, e o IPC, neste período, un 11,40%.

Que quere dicir isto?, que se mellorou dunha forma importante o financiamento da deputación, é obvio que temos maiores ingresos. Todo esforzo que vaia encamiñado a mellorar o financiamento é ben recibido polo noso grupo, aínda que aproveitamos a ocasión, non só para apoiar esta aspiración, senón tamén para incidir na necesidade dunha mellor xestión dos recursos públicos, non chega con ter máis ingresos, ademais deben gastarse mellor, e digo isto porque, se observamos este período, temos os seguintes resultados da xestión realizada polo grupo provincial: no ano 2003, de cada 100 euros do orzamento, 47,8 destinábanse a gastos correntes, e 46 a investimentos, estamos a falar, por suposto, dos capítulos VI e VII. Nos anos sucesivos, foise estragando esta proporción ata que en 2007, vostedes teñen previsto destinar 55,5 de cada 100 euros a gasto corrente, e só 37,9 euros a investimentos. Está claro que non só se necesita máis e mellor financiamento, senón que é necesario un esforzo destinado tamén a mellorar a xestión dos recursos.

Noutra orde de cousas, se nos fixamos nos distintos artigos que compoñen os ingresos, observamos que un dos maiores incrementos se produce nos xuros de depósito de contas bancarias, un 26,10% respecto ao ano anterior. Supomos que é tanto pola influencia dunha posíbel suba de tipos de interese, como por un aumento das disponibilidades líquidas, e isto último si nos preocupa porque diso derivará unha reducida execución do orzamento de gastos. Xa cuestionabamos esta falta de execución orzamentaria na liquidación da Conta Xeral do exercicio 2005, no que pola citada causa se bateron marcas de remanentes de Tesourería, pero é que a nosa preocupación aumenta á vista da execución do orzamento correspondente ao exercicio 2006, xa que, polos datos que temos a 30 de setembro, é sensiblemente inferior á execución do orzamento en 2004 e 2005 na mesma data, imos camiño de bater unha nova marca, explicome, a 30 de setembro de 2004, gastos comprometidos, o 62,94%; obrigas recoñecidas, o 31,13%. A 30 de setembro de 2005 as cifras eran as seguintes: gastos comprometidos, o 55,26%; obrigas recoñecidas, o 31,13% e a 30 de setembro de 2006, encontrámonos con estes datos: gastos comprometidos, 55,73%; obrigas recoñecidas, 25,75%, mentres os capítulos investidores tiran as seguintes cifras a 30 de setembro de 2006: o capítulo VI as obrigas recoñecidas, o 15,09% e o capítulo VII o 16,27%. Estarán de acordo, señoras e señores deputados, conque ademais de reclamar un mellor financiamento, que estamos todos de acordo, debe de se realizar un maior esforzo na xestión porque en nove meses de xestión do exercicio 2006, de cada 100 euros destinados a investimento, só se gastaron 15 euros.

Pasamos agora ao orzamento de gasto, onde se materializan, en cifras, os proxectos e programas dos grupos que teñen a responsabilidade de goberno desta institución. Vou realizar unha pequena análise sobre a evolución das cifras destes catro orzamentos.

En primeiro lugar, é necesario lembrar, antes de nada, porque ten moita importancia, xa que é o que permite gastar, que os ingresos orzamentarios medraron no período 2003-2007 en 33,1 millóns de euros, é dicir, 5.505 millóns das antigas pesetas, grazas fundamentalmente a que o financiamento do Estado se incrementou en 30,1 millóns de euros, por suposto, se non medrasen os ingresos non poderían medrar os gastos. Pero vexamos en que se materializan as súas políticas.

En primeiro lugar, a estrutura do gasto variou dunha forma considerábel. Ano 2003, gastos correntes, capítulos I e IV, 47,84% do orzamento, capítulos investidores, capítulos VI e VII, estamos a falar do mesmo ano, ano 2003, 45,91%, vemos que hai un certo equilibrio entre o gasto corrente, 47%, 47,8 e os capítulos investidores, 45,91. Ano 2007, gastos correntes, 55,38%, capítulos investidores, 37,95%, ese equilibrio que podíamos observar no ano 2003 non existe, baixo o noso punto de vista, en función dos datos, en 2007, gasto corrente 55,3 e capítulos investidores 37,95%.

En segundo lugar, os gastos correntes medraron neste período un 47,97%, e os capítulos investidores un 1,38%; gastos correntes 2003, 69,9 millóns de euros e gastos

correntes 2007, 99,2 millóns de euros, o que supón ese incremento do que falabamos dun 41,97%. Os capítulo investidores, gastos correntes 67 millóns de euros, e 2007, 68 millóns de euros, que fan 1,38% de incremento, é dicir, dos máis de 33 millóns de euros en que se incrementaron os ingresos orzamentarios neste período, destináronse a gastos correntes 29,3 millóns de euros, e a gastos de investimento menos dun millón de euros, exactamente 929.526 euros. Se fose un partido, o resultado final sería: gasto corrente 30, investimento 1.

En terceiro lugar, como consecuencia da súa política de gasto, outras magnitudes e indicadores económicos tamén se estragan, como é o caso do aforro bruto, que como todos saben son ingresos correntes menos gastos correntes. Aforro bruto en 2003, 55,6 millóns de euros, que representaba o 38,07% do orzamento. Aforro bruto en 2007, 57,5 millóns de euros, que só representa o 32,11% do orzamento, seis puntos menos de aforro que o 2003, o que supón, a nivel económico, 10,6 millóns de euros menos de aforro bruto.

Esta preocupante política, e dicimos preocupante porque é reiterada e intensa, repítese ano tras ano e o orzamento para o 2007 segue esta liña de incremento do gasto corrente en detrimento dos investimentos. No orzamento para o 2007 medran os recursos en 12,4 millóns de euros, como comentaba o Sr. Lagares, efectivamente. Pois ben, deses 12,4 millóns de euros, destínanse 8,6 millóns de euros a incrementar o gasto corrente, é dicir, preto do 70%. Pola contra, ao gasto para investimentos, capítulos VI e VII, só se destinan 3,2 millóns de euros, é dicir, o 26% do incremento de recursos, o resto, aproximadamente o 4%, destínase a operacións financeiras.

Hai outra característica da súa política de gasto que tamén para nós é relevante, refírome á política de subvencións, e de entrada dicir que nós estamos totalmente, Sr. presidente, por suposto, a favor das subvencións, pero temos, dalgunha forma reflectir o que son a realidade dos números e creo que é importante para ilustrar, dalgunha forma, a nosa exposición. No orzamento inicial para o ano 2003 outorgáronse 36 subvencións por importe de 2,73 millóns de euros. No orzamento inicial para o ano 2006 estaban previstas 69 subvencións por importe de 6,4 millóns de euros, pero durante o exercicio aumentáronse ata 122 subvencións por importe de 11,2 millóns de euros. Agora, no orzamento inicial para o ano 2007 outórganse 88 subvencións nominativas por importe de 9,8 millóns de euros, polo que prevemos que neste exercicio se baterá novamente a marca anual anterior. Medra o importe destas subvencións respecto ao exercicio anterior nun 53,12%. O importe das subvencións nominativas no orzamento inicial, se o analizamos respecto ao 2003, multiplicouse por 3,6.

Agora xa, para ir acabando, imos ver unhas pequenas notas que nós entendemos que son significativas respecto do orzamento de 2007.

Aínda que na memoria da Presidencia, que lemos con detemento, afirmase que os gastos se fundamentan na máxima austeridade, en concreto figura na memoria da Presidencia, na páxina 3, nós observamos, Sras. e Sres. deputados, que o capítulo VI de investimentos reais é o que medra menos, en concreto un 3,47%, mentres que os gastos correntes medran máis do dobre.

Imos por último coas transferencias, as transferencias correntes, capítulo IV, increméntanse nun 13,28%, aumentando as destinadas a concellos nun 15,44% e as entidades privadas nun 11,94%. As transferencias de capital só aumentan nun 5,98% e as destinadas a concellos, un 2,88%, mentres que as entidades privadas o fan nun 33,05%. E unha gran parte destes incrementos materialízase a través de subvencións nominativas, claramente vese que o aumento destinado ás entidades privadas, baixo o noso punto de vista e en función da análise dos datos, é superior aos concellos.

En definitiva, Sras. e Sres. deputados, xa para ir finalizando, estamos ante un orzamento para o ano 2007 que incide, unha vez máis, naquilo que criticamos noutras ocasións, tanto nos orzamentos iniciais como na liquidación da Conta Xeral: aumento incontrolado dos gastos correntes, estancamento das operacións investidoras, abuso das subvencións nominativas e deficiente execución. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Lagares Pérez

Moitas grazas, Sr. presidente. Quero comezar a miña intervención agradecendo a participación dialéctica da compañeira de goberno, Socorro Cea, dicir que compartimos na súa totalidade a súa intervención, que efectivamente, debullou algúns aspectos orzamentarios que cremos importantes, en materia de investimentos, en materia do POS, referíase, de Servizos Sociais, e outros aspectos que, indubidablemente, como o turismo, van incidir de forma favorábel, coincidimos, xa digo, coa súa intervención e agradézollo como, neste caso, voceiro do equipo de Goberno.

Tamén agradezo a intervención do Sr. Lamas, pero indubidablemente temos que discrepar en distintos apartados, creo que os números algunhas veces que dá e a filosofía non é a que nós cremos que é. Comezar dicindo que, de cada 100 euros, e téñeno perfectamente reflectido nese estudo que se lles entregou, 71,21 van destinados a investimentos, a programas, a actuacións que se fan ao longo e ancho da provincia, e dicir que, en relación á política de ingresos da que falaba, indubidablemente temos que discrepar. Eu fixen a crítica no seu momento, da miña intervención, da política de ingresos referida ao imposto de actividades económicas, que como saben vostedes, foi suprimido polo goberno central do Partido Popular, cando era o seu presidente o Sr. Aznar, o cal ocasionou unha baixada dos ingresos. Vostede dicía que os ingresos son escasos e necesitanse máis recursos, indubidablemente que si, pero se vostedes se opoñen, ou se opuxeron, sen achegar as economías compensatorias correspondentes coa supresión do IAE, non veñamos a dicir que necesitamos máis recursos. E por pór

un pequeno exemplo, recentemente acaban de incorrer nunha incongruencia tremenda. No pasado Pleno aprobamos as ordenanzas fiscais, o grupo de goberno propuña o 3,9% que era o IPC interanual abril 2005-abril 2006, pois ben, vostedes querían xerar menos recursos, ou sexa falan agora de máis recursos, pero vostedes xeraban menos, porque vostedes propuñan o IPC, que marcou, segundo a Lei de orzamentos xerais do Estado, o 2%. Con estes dous exemplos claros vemos as contradicións nas que cae na súa intervención claramente o goberno do Partido Popular.

E en relación aos intereses de que falaba tamén no capítulo de ingresos, é evidente que os depósitos bancarios aparecen perfectamente reflectidos na Conta Xeral que aprobamos recentemente e o motivo é que se incrementaron os xuros polos depósitos bancarios, iso está clarísimo, e aínda se agarda un incremento dun 0,25, dun cuarto máis, de acordo coas directrices do Banco Central Europeo, de maneira que, e tal e como está a pasar a nivel de economía, non da Unión Europea, senón de España, vemos que a inflación se retivo sensiblemente mercé a esta circunstancia, e tamén á baixada dos prezos do barril de cru, ou sexa que a economía, nestes aspectos, teñen vostedes que revisala concretamente.

É evidente que nós gastamos menos para facer máis e mellor, o que si non se nos pode dicir é que vostedes facían unha mellor política económica, porque non é así, nos documentos non aparece así. No ano 2001 a débeda que tiña acumulada o goberno entón do Partido Popular eran 103 millóns de euros, no ano 2007 son algo máis de 100 millóns de euros, isto non se trata de algo que me invente eu, trátase dos informes técnicos. O aforro bruto é superior ao que vostede dicía e, por certo, téñolle que dicir que me daba mal o dato do aforro bruto, non é a porcentaxe que vostede me deu, é incorrecto, varían uns díxitos, varían unhas cifras, non é o adecuado.

E falar do gasto corrente, ben, eu antes de vir ao debate tiven unha pequena conversación, houbo unha persoa que me dixo dúas cousas, o Partido Popular vai falar das subvencións nominativas e do gasto corrente, e sempre é a mesma cántiga, e están equivocados, están equivocados.

Primeiro, as subvencións nominativas, este ano son un total de 88, fíxese, o ano pasado foron 116, máis catorce recuperadas, 130, ou sexa que imos a menos en subvencións nominativas, pero non se trata soamente de ir a menos, senón que se trata da fiscalización e o control das subvencións nominativas. Vostedes saben perfectamente que entra en vigor no seu momento a Lei de subvencións, onde di os parágrafos que aquelas que sexan singulares e que non vaian a unha cota xenérica, que teñen que ser demostrada a súa singularidade, pero é que agora este goberno socialista legisla, desenvolve a lei polo regulamento de subvencións, que aínda é máis estrito, e esta deputación está auditando as subvencións, estivo auditando o POL como correspondeu e merecemos unha boa cualificación. Evidentemente, non é só deste goberno, algo tivo que ver tamén o goberno do Partido Popular, porque o POL

comezouno a desenvolver o goberno do Partido Popular, non o goberno de coalición progresista Bloque Nacionalista Galego-PsdeGa-PSOE.

E o segundo aspecto que me dicía era o do gasto corrente. Ben, eu non lle vou dicir aquí, non lle vou relatar as partidas que, como xa me temía iso, fixen unha relación por valor de case 20 millóns de euros, teño aquí, non llas vou relatar todas completas, pero si vou deixar quedar algunhas no aire para que as señoras e os señores deputados se ilustren un pouquiño, porque do gasto corrente non se pode falar alegremente, dispárase o gasto corrente, pero, onde vai o gasto corrente?, onde ía o gasto corrente co goberno do Partido Popular e onde vai o gasto corrente con este equipo de goberno novo? Pois miren, por exemplo, conxélanse os gastos en publicidade e propaganda, que vostedes os disparaban, segue estando desde o ano 2003 en 750.000 euros, segue aí, conxelado, cando nós faciamos a crítica de que era moito en publicidade e propaganda, non estou a falar de publicidade institucional, ollo, estou a falar de publicidade e propaganda en xeral, porque a publicidade e propaganda institucional significa medio millón de euros e que son recuperábeis, é que non queremos seguir coa recadación e xestión tributaria que significan no gasto corrente 1.300.000 euros?, é que non queremos facer a conservación das vías provinciais, que significan seis millóns e medio de euros?, é que non queremos facer os proxectos do Gabinete de Planificación para alcanzar eses fondos europeos para loitar duramente co desemprego, nas nosas posibilidades, non das posibilidades dun orzamento máis macroeconómico, de máis cantidade, pero si cualitativamente?, é que estamos opostos a estas políticas?, é que tamén é gasto corrente o proxecto Equal, o proxecto Proximitas Plus, o proxecto de Cine na Rúa, de Música, de Teatro, que fai a deputación, os proxectos en promoción de actividades culturais de propia iniciativa, o Premio Torrente Ballester, pero é que nos queremos opor a isto?, é que o mollo do gasto corrente non é esa, Sres. do Partido Popular, é outra cousa, e dígoos co máximo agarimo e respecto que lles teño, como lles consta a todos vostedes. O debate ten que ser outro, cambien o debate, cambien o debate que non é ese o camiño a seguir. E non digo máis porque realmente teño aquí unha relación, non teño inconveniente despois en lles pasar e verán vostedes a realidade como é.

Sorprendeume moito que non falasen nada do capítulo I, eu agardaba unha intervención sobre a política de persoal, por iso eu mantivenme sen falar e na miña primeira intervención dei unhas xeneralidades.

Teño que dicir que en relación á partida de persoal aumenta 1.352.193 €, aplícase o Anteproxecto de lei de orzamentos xerais do Estado que, como ben saben vostedes, é un 2% para as retribucións básicas e complementarias de carácter fixo e periódico, e un 1% da masa salarial a incorporar ao complemento específico para completar as doce pagas máis dúas extras de forma análoga, é dicir, chegar no seu momento a ter catro pagas completas. Neste momento xa estamos ao cen por cento no complemento de destino nas pagas extraordinarias.

Dicir que se inclúen 45.900 euros para a reclasificación dos postos de traballo, xa iniciado, e 510.000 euros para promoción interna, onde se recupera 2006 e se inclúe aquí 2007 de acordo coa negociación colectiva levada a efecto.

E coa finalidade de dar completo, equiparar as previsións e as negociacións que se levaron a efecto a nivel de persoal funcionario e de persoal laboral, na base 40 do orzamento aparece reflectido moi concretamente o apartado de formación e perfeccionamento, de bolsas, de seguros, de axuda a adquisición de vivenda, de achega aos proxectos de pensións, e outros de tipo social, e que se acaban de negociar, e que significan 2.346.979 euros.

Como eu esperaba unha resposta respecto ao capítulo I, e a min quedoume no tinteiro, para esta segunda intervención teño que facer referencia a esta, e vou tratar de ser o máis breve posíbel. En canto ás execucións orzamentarias, paréceme moi ben todos os datos que veñen de dar, eu creo que teñen que revisar vostedes o concepto de que son obrigas recoñecidas e gasto comprometido, porque me falaba do capítulo VII, de transferencias de capital, e saben todos vostedes que o programa principal é o Plan de cooperación ás obras e servizos, o POL, e o POL xestiónano os concellos, e aquí estamos sentado municipalistas, e sabemos que se ese capítulo está sen resolver, ou está sen aboar, será motivado porque as certificacións dos concellos están a chegar e están a punto de vir. Eu pediríalles prudencia nesta intervención, e co máximo agarimo e respecto que me profesan, dicirlles que tampouco levamos o gasto comprometido tan mal durante este exercicio, está moderadamente ben, pero claro, este non é o debate de hoxe, hoxe non toca, iso tocará na Conta Xeral do Orzamento 2006, e será no momento en que se debate canto foi o gasto comprometido, cales son as obrigas recoñecidas, etc., etc.

E pouco máis, os datos do aforro bruto están perfectamente cadrados, dígolle que en dous exercicios poríamos a cero a débeda da Deputación da Coruña, así de doado, co aforro bruto que temos neste momento este equipo de Goberno, o que pasa é que hai que atender as necesidades. E tamén me dicían antes do Pleno que vostedes van votar que non, pero que creo que tiñan ganas de votar que si a este orzamento, tiñan moitas ganas de votar que si porque ven que é un orzamento bo, que é un orzamento cooperativo e que é un orzamento solidario. Respecto moitísimo, pero non podo compartir parte da súa intervención, espero que na seguinte resposta me anuncie o seu cambio de voto, ese voto favorábel, e que as unanimidades moitas veces son boas e saudábeis. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Lamas Sánchez

Moi brevemente, tamén con todo o agarimo por parte do voceiro e de todo o grupo do Partido Popular, a última intervención é a súa, supoño, pode ser a súa, e tamén nós esperamos a ver se se pode producir un cambio no sentido do voto, non sei se do Partido Popular ou dalgún outro grupo do equipo de Goberno, non cabe dúbida

de que iso sería tamén unha noticia e sería un toque interesante nesta deputación. Pero ben, centrándonos nos temas, imos tratar de ser concretos, breves, con todo respecto, con toda educación.

Sr. Lagares, vostede insiste en dicir de cada 100 euros, 71,21 dedícanse a investimento, pero os números están aquí, e nós, gasto corrente, gasto de persoal, 33,8 millóns de euros, gastos en bens e servizos, 33,5, gastos financeiros, total operacións correntes, 99,2 millóns de euros. Isto é exactamente o que dicimos nós, o 55,38% do orzamento. E a nivel de investimentos, capítulos VI e VII, investimentos reais, 27,7 millóns de euros, transferencias de capital 40,2, suman un total de 68 millóns de euros, isto é o 37,95 a nivel de capítulos investidores, entón, sinceramente, os números están aí, e eu respecto porque os números pódense interpretar de moitas formas, pero nós entendemos que a nosa intervención está baseada nos datos do orzamento, e as porcentaxes están ben sacadas.

E o mesmo, nese mesmo sentido, respecto á execución do orzamento, temos aquí os datos e os datos son os que son e falan que a execución do orzamento está na nosa liña, na liña que nós anunciamos. Transferencias do Estado ao tema de Comunidades, pois si, todos estamos de acordo, cremos que as transferencias deberían de ser maiores, tanto do Estado como, posiblemente, esta é unha cuestión xa que ofrece máis dúbida, porque non está tan clara, respecto ao que é a Comunidade, pero o que nós dicimos é unha realidade que está aí, poderíase ter avanzado máis, todos quereríamos máis, pero hai unha realidade, e as últimas modificacións neste sentido, eu comentaba con todo respecto, pero con toda firmeza, son do goberno do Partido Popular, que nestes anos fixo medrar dunha forma importante os ingresos, un 26,19%, moi por riba os ingresos do Estado, moi por riba dos ingresos propios.

Intereses de depósito, contas bancarias, de acordo, na nosa intervención tamén estabamos de acordo, simplemente sinalabamos que a nivel dos artigos o que nos chamaba a atención dunha forma máis importante é o crecemento dese artigo cun crecemento dun 27,1%. Xa dicíamos que unha parte, entendemos, é polo tema dos intereses, pero tamén denota dalgunha forma unha baixa execución a nivel do orzamento. Se imos aos niveis de execución do orzamento, dalgunha forma entendemos que tamén queda demostrado.

Subvencións nominativas, imos ser moi claros, nós cremos nas subvencións nominativas, pero entendemos que se teñen que axustar ao que está marcado na lei, e non quero ser reiterativo neste tema, nin ser pesado, pero eu creo que onde hai patrón, non manda mariñeiro, e voume referir sinxelamente ao que di o informe da Intervención, que di textualmente: “Na documentación achegada para a elaboración do Orzamento provincial do exercicio 2007 non se inclúe a motivación e acreditación das causas que xustifican as subvencións nominativas, a contía outorgada, a imposibilidade ou non conveniencia de participar nos programas xerais de convocatoria pública, o orzamento da actividade subvencionada, nin ningún outro elemento relevante para

valorar a súa adecuada definición xurídica económica-orzamentaria”, en concreto, e téñeno na memoria e na documentación que nos facilitou, é na páxina 33 e, en concreto, é o último parágrafo, e di máis: “Non é posíbel emitir unha valoración xurídica e orzamentaria sobre a maior parte das subvencións propostas”.

Nós estamos absolutamente convencidos que ten sentido, que se poderían xustificar, que nos poderíamos axustar, non teríamos que quitar estas subvencións, axustar ao que marca dalgunha forma o informe e a lexislación en relación.

Respecto ao gasto corrente, esa é a realidade, porque nós entendemos que esa é a esencia do noso discurso, nós entendemos que, efectivamente, temos que loitar por ter máis recursos pero, dalgunha forma, o que é clave é a xestión do gasto corrente, non pode ser que medre o gasto corrente e que os investimentos cada vez sexan máis pequenos, eu creo que ese é o reto de todos nós, cando temos a obriga e temos a responsabilidade de xestionar, estar á fronte dunha institución tan importante como é a deputación, entendo que ese é o reto, e nós dalgunha forma ofrecemos a nosa experiencia, vostede ao mellor cre que non é unha experiencia positiva, nós entendemos e cremos que foi unha experiencia positiva, que se pode xestionar mellor, que se poden baixar dalgunha forma os gastos correntes e subir o que en definitiva lles interesa, e que en definitiva é o argumento, o *leitmotiv* desta deputación, que é atender aos concellos a través dos investimentos.

Efectivamente, non falamos do capítulo I porque no último punto da orde do día existe un tema específico que, dalgunha forma, fala de persoal e reservabamos a nosa intervención para ese punto.

En definitiva, eu agradézolle o esforzo didáctico na súa intervención, pero nós temos decidido o noso voto, nesta ocasión non imos votar favorablemente estes orzamentos, aínda que a nivel persoal, non a nivel dos datos, posiblemente, gustaríanos a todos poder votar afirmativamente.

Sr. Presidente

Se me permiten, antes de someter a votación o Orzamento xeral para o exercicio económico 2007 e as bases de execución, gustaríame ter tamén unha intervención.

Penso que non se poden comparar os gastos correntes e os investimentos do orzamento do ano 2007, co gasto corrente e os investimentos do orzamento do ano 2003, por unha razón simple, porque son momentos de tempo diferentes, e son situacións diferentes, por que?, porque no ano 2003 os parques de bombeiros eran investimento, no ano 2007 os parques de bombeiros son gasto corrente, co cal no ano 2003 non estaba computado parques de bombeiros como gasto corrente, pero si estaba computado como investimento, agora ese investimento desaparece e aparece un gasto

corrente que non estaba, hai nove parques de bombeiros funcionando que está a pagar a Deputación provincial, se non me esquezo son os de Ordes, os de Arzúa, de Betanzos, de Carballo, de Arteixo, de Boiro, As Pontes e de Ribeira. No ano 2003, o Teatro Colón era un investimento, no ano 2007 non aparece como investimento; no ano 2003 o Centro das Artes era un investimento, no ano 2007 non aparece como investimento, podería falar de moitos casos. Polo tanto, non significa nada, hai moito máis gasto corrente agora, por que?, pois porque hai uns investimentos que se fixo que hai que manter, e se non aprobásemos o que imos aprobar no seguinte punto, o vindeiro ano teríamos 500 ou 600 millóns de gasto corrente máis para manter o Colón.

O ano 2003 as Torres do Allo non eran gasto corrente, agora si, o ano 2003 os Fornos do Forte non eran gasto corrente, agora si; a conservación de estradas é un gasto corrente, se temos 500 millóns ou 600 millóns no 2003, e temos 1000 millóns, para falar nas antigas pesetas, en 2007, é indubidábel que se está a incrementar o gasto corrente. Polo tanto creo que é un bo recurso dialéctico, pero é un recurso doadamente rebatíbel, porque as circunstancias son diferentes.

En relación ao tema que falou tamén Lagares, das obrigas recoñecidas, a maior parte dos investimentos non os xestiona a deputación, hai piscinas climatizadas que non comezaron aínda a construírse, a de Teo, pero hai 1.400.000 euros aí retidos, non se gastou, non é culpa da deputación. Hai outras piscinas climatizadas que se comezaron a construír, que non certificaron nada, por que?, porque comezaron en agosto, e coa chuvia de setembro-outubro non mandaron ningunha certificación, pois hai varios millóns de euros aí sen certificar. Iso quere dicir que non se está a tramitar?, non, iso quere dicir que non está en marcha todo?, non.

O POS, o POL, estou canso de asinar, de todas as cores, adiamentos de finalización de obra, de multitude de obras de todos os concellos, ben, terían que estar certificados, se o concello non é dilixente na adxudicación, no inicio ou na finalización, e o envío das certificacións, non están certificadas, pero iso significa que non está en marcha e que non está a traballar? Non, está todo en marcha, o que pasa é que as cousas son como son.

E entón en relación ao tema do endebedamento, e isto si me gusta facer moito fincapé, porque ás veces se quere dar a imaxe de que todas as deputacións son unha desfeita, están todas endebedadas, non valen para nada e deben non sei canto. Mire, o nivel de endebedamento da Deputación da Coruña non é en absoluto preocupante, -isto non é unha resposta á súa intervención, Sr. Lamas-, non é en absoluto preocupante, e un dos intereses que tivemos sempre desde esta Presidencia foi manter a sostibilidade, permitir a sostibilidade dos investimentos e da situación económico-financeira da deputación a medio e longo prazo, e está absolutamente controlado, non hai ningún problema, digo isto para que os provedores, os que traballan coa deputación, os propios traballadores, teñan absoluta tranquilidade. Temos un aforro neto sobre exercicio liquidado, sobre o real, porque o orzamento non pode falar de aforro neto sobre un

orçamento que é un orzamento preventivo, haberá que ver en marzo do ano 2008 como é a liquidación. Sobre a liquidación do exercicio do ano 2005, o aforro neto é de 70 millóns de euros, é dicir, o aforro neto que son os ingresos correntes menos os gastos correntes, todos os gastos necesarios para o funcionamento da deputación sen investimentos, menos a cota de amortización de todos os créditos vivos, dános un aforro neto de 70 millóns de euros. Isto quere dicir que se non fixésemos ningún tipo de investimento en ano e medio, tíñamos amortizada toda a débeda viva da deputación, pero á parte diso, estes 70 millóns representan o 49,9%, 50%, dos ingresos liquidados, dos ingresos correntes, e ademais supón sobre a liquidación do exercicio, que temos un endebedamento do 72,6%, sobre ingresos liquidados, recursos liquidados, que podíamos ter, segundo a lei, podíamos ter un endebedamento do 110%, temos aínda trinta, máis de trinta puntos de marxe para nos endebedar, para facer os investimentos que queiramos facer.

E, por outra parte, isto díxoo o Sr. Lagares, no ano 2003, decembro de 2003, este goberno tomou posesión o 26 de novembro do ano 2003, a débeda viva eran 107 millóns de euros e a débeda viva no ano 2007, en decembro, será de 100 millóns de euros, estamos a baixar, aínda que non é preocupante, porque temos marxe para nos endebedar, e a carga financeira que está a soportar a deputación é a máis baixa dos últimos quince anos.

Entón, era simplemente lanzar esta mensaxe de tranquilidade, é dicir, eu non sei como están as outras, saberán eles, pero cumprimos mandando todos os datos ao Tribunal de Contas, todo, os orzamentos cumprindo a Lei de estabilidade orzamentaria, como dicía o Sr. Lagares, non hai ningún problema, poden estar tranquilos, a xente que lle vende, a xente que se relaciona, traballadores da deputación, que non hai ningún problema financeiro, e está a sostibilidade das finanzas públicas, están aseguradas a medio prazo, xa non digo a longo prazo porque é imposíbel, pero a medio prazo.

E estas eran as pequenas matizacións, que é un bo recurso comparar gasto corrente e investimento, pero non se pode comparar porque son momentos diferentes da vida da institución, onde o que antes era investimento agora é gasto corrente.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (11 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 12 deputados (PP)

Abstéñense: 1 deputado (PP- por se ausentar na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación – art. 74.1 do Regulamento orgánico).

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Examinado o expediente que contén o proxecto de ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL para o exercicio económico de 2007, que presenta o Ilmo. Sr. presidente, e tendo en conta que na súa formación se deu cumprimento ás disposicións contidas no art. 112 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 18 do R.D. 500/90 do 20 de abril e art. 168 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, procede:

1º.- Aprobar o ORZAMENTO XERAL para o exercicio 2007 por importe de 179.225.270,00 euros e cuxo detalle é o seguinte:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:

A) INGRESOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:

1. OPERACIÓNS CORRENTES:

	CAPÍTULO I	Impostos directos	13.010.120
,00			
	CAPÍTULO II	Impostos indirectos	12.964.440
,00			
	CAPÍTULO III	Taxas e outros ingresos	6.127.333
,00			
	CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	119.098.277
,00			
	CAPÍTULO V	Ingresos patrimoniais	5.601.730
,00			
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		156.801.900
,00			

2. OPERACIÓN DE CAPITAL:

	CAPÍTULO VI	Alleamento de investimentos reais	1.500.000
,00			
	CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	10.873.370
,00			
	TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL		12.373.370
,00			

3. OPERACIÓN FINANCEIRAS

	CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	550.000
,00			
	CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	9.500.000
,00			
	TOTAL OPERACIÓN FINANCEIRAS		10.050.000
,00			

	<u>TOTAL DE ORZAMENTO XERAL</u>		<u>179.225.270</u>
,00			

B) GASTOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:

1. OPERACIÓN CORRENTES:

	CAPÍTULO I	Gastos de persoal	33.843.081
,00			
	CAPÍTULO II	Gastos en bens correntes e servizos	33.585.546
,00			
	CAPÍTULO III	Gastos financeiros	4.676.671
,00			
	CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	27.142.371
,00			

,00	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	99.247.669
	2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:	
,00	CAPÍTULO VI: Investimentos reais	27.718.532
,00	CAPÍTULO VII Transferencias de capital	40.299.355
,00	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	68.017.887
	3. OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
,00	CAPÍTULO VIII Activos financeiros	1.990.198
,00	CAPÍTULO IX Pasivos financeiros	9.969.516
,00	TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	11.959.714
,00	TOTAL DO ORZAMENTO XERAL	179.225.270

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL:

Grupo de función	Denominación	Orzamento
1	Servizos de carácter xeral	18.535.306,00
2	Protección civil e seguridade cidadá	4.422.126,00
3	Seguridade, protección e promoción social	21.577.480,00
4	Produción de bens públicos de carácter social	47.584.438,00
5	Produción de bens públicos de carácter económico	30.409.162,00
6	Regulación económica de carácter xeral	12.512.687,00
7	Regulación económica de sectores produtivos	7.443.535,00
9	Transferencias a Administracións públicas	22.600.000,00
0	Débeda pública	14.140.536,00
	TOTAL DO ORZAMENTO XERAL	179.225.270,00

2º.- Aprobar igualmente as **Bases de execución** para o seu desenvolvemento.

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme co disposto no art. 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e art. 20.1 do R.D. 500/90 do 20 de abril, e se, ao remate do período de exposición non se presentaran reclamacións, considerárase definitivamente aprobado, e publicarase, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da

Provincia, segundo establece o art. 169.3 do citado texto refundido, consonte co art. 20.3 do R.D. 500/90 do 20 de abril.

4º.- Unha vez aprobado o orzamento remitiranse copias do expediente á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma, de acordo co disposto na normativa vixente.”

5.-ADXUDICACIÓN DA XESTIÓN DO TEATRO COLÓN E A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS SOCIOCULTURAI S NA PROVINCIA DA CORUÑA NA MODALIDADE DE CONCESIÓN.

INTERVENCIONES

Sr. Torres Colomer

Moitas grazas, Sr. presidente, se me permite, en primeiro lugar, na primeira intervención do Sr. Lagares do debate dos orzamentos, eu cando acabou dixen que ameno e estupendo estivo nesa intervención, porque falou hora e media e pasoume o tempo rapidamente, non foi certo, falou media hora, o que pasa é que o motivo deste desfaseamento de tempo é que o reloxo da Cámara está sen atrasar aínda unha hora.

Entrando na cuestión, neste punto, presidente, en primeiro lugar o que quero é agradecer a dúas institucións que se presentaron para esta oferta do Teatro Colón, tanto Caixa Nova como Caixa Galicia, como non, felicitar a Caixa Galicia que é a adxudicataria desa concesión, por esa oferta que fai social e cultural, sobre todo á provincia, e tamén eu creo que debemos de nos felicitar todos porque había varias posturas enriba da mesa, varias posibilidades que facer co Teatro Colón, un era o alleamento, que algúns non estabamos en contra, outro era a xestión directa, co custo que podía ter para esta deputación, e ao final é a xestión indirecta que vai levar Caixa Galicia sen custo para a deputación.

Xa que logo, eu creo que debemos felicitarlos e dicir que imos aprobar a proposta da Comisión Técnica e da Mesa de Contratación.

Sra. Cea Vázquez

Quero lembrar en primeiro lugar o exposto polo grupo do BNG no Pleno do mes pasado de xuño en relación a este punto, o debate que houbo sobre o Teatro Colón. E quero dicir que a proposta que se traía, que se trae hoxe a Pleno é o resultado de conciliar distintas posicións políticas, harmonizar puntos de vista, pareceres e mesmo diverxencias, e este resultado final, como dicíamos tamén no mes de xuño, non é a formulación que o BNG pretendía inicialmente, pero mantén substancialmente os piares básicos das distintas propostas feitas ao grupo de traballo para o futuro desta

magnífica infraestrutura cultural, un deles, o primeiro, o mantemento do Teatro Colón dentro da titularidade pública, como ocorre co Pazo de Mariñán, o Castelo de Vimianzo ou as Torres de Allo. E tocante á xestión, entendiamos máis pertinente ou a xestión directa, que se consegue, en parte, coa proposta de reservar polo menos 45 días para a realización de actividades culturais directas pola deputación, ou ben falabamos da creación dun organismo autónomo que sobre a base da participación da deputación abrise as portas a outras administracións e entidades interesadas en formar parte deste organismo, tal é o caso do Pazo da Cultura de Pontevedra, o organismo autónomo local, Auditorio de Galicia de Santiago, ou o Instituto Municipal Coruña Espectáculos, IMCE. Pero, dito isto, hoxe tráese a Pleno a proposta de concesión con base nas análises realizadas pola Comisión Técnica e pola Mesa de Contratación, a concesión dunha das dúas únicas ofertas presentadas.

Nós queremos dicir simplemente que agora se abre unha nova andaina coa reapertura do Teatro Colón nace unha nova forma de xestionar a actividade cultural da deputación, e nese sentido dicir que nos parece importante a creación da Comisión de Seguimento para avaliar se atinamos na decisión que tomamos no Pleno do 29 de xuño, avaliación que servirá para facer as correccións oportunas que posibilite chegar a un óptimo resultado nos obxectivos fixados para o funcionamento do Teatro Colón. E dito o anterior, manifestar que aceptamos a proposta que hoxe traemos a Pleno neste punto, coa perspectiva de facer do Teatro Colón un referente provincial no campo da cultura.

Sr. Presidente

Se me permiten, eu quero felicitar a todos os deputados e todas as deputadas, porque creo que, efectivamente, de partidas diverxentes, chegamos a un punto en común, fomos capaces de debater, discutir, buscar puntos de encontro, renunciando ás veces a posicións previas, buscando o interese xeral, con esta medida, como dicía antes, vainos permitir que o voceiro do Partido Popular o vindeiro ano no debate orzamentario non nos acuse de incrementar o gasto corrente porque aforramos moito diñeiro con esta medida, pero o máis importante é que conseguimos a finalidade que tiñamos de facer do Colón un gran centro cultural, onde se estende a cultura galega, onde sexa un referente para toda Galicia, e onde as novas tendencias artísticas e culturais se poidan mostrar sen lle custar ningunha peseta á Deputación provincial, e vainos permitir ademais que se faga a actividade cultural e sociocultural na provincia, sen que lle custe unha peseta á Deputación provincial, independentemente das actuacións que teña que facer a deputación, 83 millóns de euros en 5 anos vanse dedicar a actividades no Colón e na provincia, e creo que esta é unha boa noticia para a provincia e para os concellos.

Quero felicitar tamén ás dúas ofertas que houbo, a Caixa Galicia, Fundación Caixa Galicia, e Caixa Nova Fundación Caixa Nova, porque as dúas fixeron unha magnífica oferta e mostraron interese en xestionar isto ao servizo dos cidadáns, e

alégrame que este Pleno tome esta decisión por unanimidade, porque por unanimidade se levou todo o proceso, por unanimidade se decidiu na Comisión Especial creada nun Pleno con representantes de todas as forzas políticas, que a xestión fose indirecta, por unanimidade aprobouse o Prego de condicións técnicas que rexeu o concurso, por unanimidade decidiu a Comisión técnica de valoración, formada por expertos e funcionarios, adxudicar a Caixa Galicia, por unanimidade a Mesa de Contratación adxudica a Caixa Galicia e, finalmente, ao termo do proceso, por unanimidade, todos os grupos parlamentarios aproban a adxudicación da xestión do Teatro Colón á entidade Caixa Galicia Fundación Galicia. Creo, non sei se somos conscientes, pero estámoslle a facer un gran labor á provincia e estámoslle a facer un gran labor desde esta deputación con esta decisión.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“De conformidade co Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación mediante concurso con procedemento aberto da xestión do Teatro Colón e a realización de accións socioculturais na provincia da Coruña na modalidade de concesión, aprobado polo Pleno da Corporación nas sesións celebradas o 29 de xuño e 15 de setembro de 2006, e cuxo texto íntegro foi publicado no BOP nº 160 do 13 de xullo de 2006 e de conformidade co informe da Comisión Técnica e a proposta da Mesa de Contratación:

1.- Adxudicar o contrato de xestión do Teatro Colón e a realización de accións socioculturais na provincia da Coruña na modalidade de concesión á entidade CAIXA DE AFORROS DE GALICIA (CAIXA GALICIA), con CIF nº G15028947, e con domicilio na Rúa Nova nº 30-15003 A Coruña; e como entidade vinculada A FUNDACIÓN CAIXA GALICIA-CLAUDIO SAN MARTIN, por ser a oferta que obtivo a maior puntuación aplicando os criterios de valoración establecidos no prego.

A achega do concesionario é a seguinte:

ENTIDADE	CONCEPTO/ PERÍODO	1ª ANUALIDADE	2ª ANUALIDADE	3ª ANUALIDADE	4ª ANUALIDADE	5ª ANUALIDADE	TOTAIS PARA O PERÍODO CONTRACTUA L
CAIXA GALICIA VINCULADA COA FUNDACIÓN CAIXA GALICIA- CLAUDIO SAN MARTÍN	A.Cláusula 2.B-1a- Gastos previstos para actividades no Teatro Colón	2.906.435,47	2.993.628,54	3.083.437,39	3.175.940,51	3.271.218,73	15.430.660,64

	B.- Cláusula 2.B.1a- ingresos previstos para actividades no Teatro Colón	1.327.657,57	1.367.487,30	1.408.511,92	1.450.767,27	1.494.290,29	7.048.714,35
	C.-Achega neta para o Teatro Colón. Cláusula 2.b.1.a (C=A-B)	1.578.777,90	1.626.141,24	1.674.925,48	1.725.173,24	1.776.928,44	8.381.946,30
	D.-Cláusula 2.B.1.b- achega para actividades na provincia	13.993.964,33	14.413.783,26	14.846.196,76	15.291.582,66	15.750.330,14	74.295.857,15
	E.- Cláusula 2.B.1.c.- achega total anual. (E=C+D).	15.572.742,23	16.039.924,50	16.521.122,23	17.016.755,90	17.527.258,58	82.677.803,45

2.- Requirir ao adxudicatario para que constituía a garantía definitiva por importe de 300.000 euros (TRESCENTOS MIL EUROS) no prazo máximo de 15 días naturais contados desde a notificación da adxudicación, e para que concorra á formalización do contrato na data que sinala a Administración provincial.

3.- Devolver as garantías provisionais constituídas polos licitadores, agás a do adxudicatario que se devolverá unha vez constituída a garantía definitiva.

4.- Facultar ao presidente para a formalización do contrato e para a execución do presente acordo.”

(Abandona o salón o Sr. Rodríguez Lema).

6.-APROBACIÓN DA 2ª FASE DO PLAN ADICIONAL 1/2005 AO PLAN DE INVESTIMENTOS LOCAIS 2005.

INTERVENCIONS

Sr. Torres Colomer

Dicir que deste punto número seis ata o 22, inclusive, que o Grupo Popular desta deputación vai votar a favor afirmativamente, e que no punto 23, referido ao cadro de persoal, ímonos abster porque temos algunhas dúbidas nalgúns temas, concretamente á última hora estábanse a cambiar aí algúns puntos, xa que logo, a nosa postura vai ser a abstención.

Sr. Presidente

Enténdense aprobados todos os puntos desde o número seis ao 22, ambos os dous inclusive, e en relación ao número 23 imos facer unha pequena matización, porque hai unha emenda que se vai presentar ao cadro de persoal e relación de postos de traballo do ano 2003.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

”Vistos os remanentes producidos polas baixas de licitación das obras municipais incluídas no Plan de investimentos locais 2005 correspondentes aos Concellos de Betanzos e Ortigueira respectivamente.

Visto o Plan complementario ao plan de investimentos locais, que foi aprobado xunto co plan base polo Pleno da deputación na sesión celebrada o día 22 de decembro de 2005.

Unha vez cumprida a condición a que quedara sometida a aprobación definitiva do prego de prescricións do equipamento do Concello de Ortigueira, en virtude do apartado 4º do acordo plenario provincial do 22.12.2005, unha vez emendadas as deficiencias apreciadas nel.

Tendo en conta as conformidades prestadas polos respectivos concellos para executar as obras propostas.

1.- Considerar cumprida a condición de existencia de remanentes xerados por baixas de licitación ou anulacións de proxectos, e en consecuencia considerar definitivamente aprobada a 2ª fase do Plan adicional 1/05 ao Plan de investimentos locais 2005, no que se inclúen as 2 obras municipais que se relacionan a continuación:

			FINANCIAMENTO		
CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	DEPUTACIÓN	CONCELLO
BETANZOS	05-3201-0274.0	MELLORA DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DAS ANGUSTIAS, PIADELA E CASTRO	62.080,33	52.170,63	9.909,70
ORTIGUEIRA	05-3201-0275.0	EQUIP.MOBIL.CA FET.ALBERGUE MPAL. MERA	15.000,00	12.289,93	2.710,07
		TOTAL	77.080,33	64.460,56	12.619,77

Aprobar, así mesmo, os correspondentes proxectos.

O financiamento deste plan realizarase con cargo á partida 0501/519E/76201 do vixente orzamento provincial 2006.

2.- A contratación das obras incluídas no presente plan realizaranas os respectivos concellos, de acordo co disposto nas Bases reguladoras deste plan da deputación que foron aprobadas na sesión celebrada o 28 de xullo de 2005, e publicadas no BOP nº 176 do 3-08-2005 e modificadas, na súa base 7, polo Pleno provincial do 16 de setembro de 2005, e publicada a modificación no BOP nº 218 do 22-09-2005.”

7 .-APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA DA UNIVERSIDADE E DOS ILUSTRES COLEXIOS DE ABOGADOS E DE PROCURADORES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA, PARA O FINANCIAMENTO DAS PRÁCTICAS DOS ALUMNOS DA ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA NOS DEPARTAMENTOS DE URBANISMO DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a subvención nominativa a través da subscrición dun convenio coa dita entidade, para aboar os gastos de adquisición de material derivados da execución do convenio formalizado en documento administrativo nº 141/2005 e para financiar os gastos da realización de prácticas de alumnos da Escola de Práctica Xurídica nos departamentos de Urbanismo dos concellos da provincia da Coruña e de adquisición de material necesario para a súa execución, de acordo coa seguinte proposta:

1º.- Deixar sen efecto a resolución de Presidencia nº 15.351 do 8 de agosto de 2006.

2º.- Aprobar a formalización dun CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O ILUSTRE COLEXIO DE ABOGADOS E DE PROCURADORES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA FINANCIAR OS GASTOS DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL NECESARIO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DOS ALUMNOS DA ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA DOS CONCELLOS DA PROVINCIA (derivados da execución do convenio Nº 141/2005) E PARA FINANCIAR OS GASTOS DA REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS DA ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA NOS DEPARTAMENTOS DE URBANISMO DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA E DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL NECESARIO PARA A SÚA EXECUCIÓN (para a anualidade de 2006/07 e 2007/08)

3.- De conformidade coa base 49.3^ac) e 49.4^a f) apreciar a concorrencia de motivos excepcionais e de interese público que xustifica financiar o 100% do custo da actividade, así como adoptar o compromiso de gasto con carácter plurianual.

4º.- A achega provincial detallaríase:

Para FINANCIAR OS GASTOS DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL NECESARIO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DOS ALUMNOS DA ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA DOS CONCELLOS DA PROVINCIA (derivados da execución do convenio N° 141/2005): a cantidade de 22950,00€.

CONCEPTO	IMPORTE €	ANUALIDADE	APLICACIÓN
Fotocopias	2.216,07	2006	0601/451F/48901
15 ordenadores	18.750,00	2006	0601/451F/78901
1 proxector	1.400,00	2006	0601/451F/78901
Material funxíbel	583,93	2006	0601/451F48901
TOTAL	22.950		

Para FINANCIAR OS GASTOS DA REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS DA ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA NOS DEPARTAMENTOS DE URBANISMO DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA E DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL NECESARIO PARA A SÚA EXECUCIÓN: 96.000,00€ (48000,00 para cada anualidade)

CONCEPTO	IMPORTE €	EX. 2006	EX. 2007	EX. 2008	APLICACIÓN
Desprazamentos, manutención, etc. 180 €/mes x 20 alumnos x 10 meses/ano	72.000	10.800	36.000	25.200	0601/451F/48901
Coordinación e xestión administrativa 400 €/mes x 10 meses/ano	8.000	1.200	4000	2.800	0601/451F/48901
Adquisición de material necesario para o desenvolvemento da actividade e parte dos custos	16.000	16.000			0601/451F/78901
TOTAL	96.000	28.000	40.000	28.000	

ANEXO (texto do convenio)

PROPOSTA DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O ILUSTRE COLEXIO DE ABOGADOS E DE PROCURADORES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA FINANCIAR OS GASTOS DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL NECESARIO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DOS ALUMNOS DA ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA DOS CONCELLOS DA PROVINCIA (derivados da execución do convenio N° 141/2005) E PARA FINANCIAR OS GASTOS DA REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS DA ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA NOS DEPARTAMENTOS DE URBANISMO DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA E DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL NECESARIO PARA A SÚA EXECUCIÓN (para a anualidade de 2006/07 e 2007/08)

A Coruña, _____ de xullo de 2006

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Senén Barro Ameneiro, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela e representante legal desta segundo o establecido no artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e no artigo 87 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (Decreto 28/2004, do 22 de xaneiro da Xunta de Galicia); e o Excmo. Sr D. Evaristo Nogueira Pol, decano do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, facultado polo artigo 48.2º do Estatuto Xeral da Avogacía Española (RD 658/2001, do 22 de xuño). Ambos os dous actúan en calidade de presidentes do Consello Directivo da Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, ao teor do disposto na cláusula sexta do convenio de colaboración asinado entre ambas institucións o 29 de novembro de 1994.

Doutra parte, o Excmo. Sr. D Jesús Salvador Fernández Moreda, presidente da Excm. Deputación da Coruña, que actúa no exercicio das competencias atribuídas, pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e polo Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril.

Ambas partes recoñécense capacidade para asinar o presente convenio de colaboración e para tal efecto.

MANIFESTAN:

PRIMEIRO.- A Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela foi creada pola universidade en colaboración cos Ilustres Colexios de Avogados e de Procuradores de Santiago de Compostela, como o centro de especialización profesional a través do cal estas institucións ofrecen aos licenciados en Dereito, a formación práctica necesaria no ámbito do dereito público e privado, para facilitar a súa incorporación ao mercado laboral propio das profesións xurídicas e, máis en particular, cara ao exercicio da avogacía e da procuradoría, ademais de colaborar nos labores de actualización de coñecementos dos profesionais en exercicio.

Un xeito de realizar estas prácticas é o coñecemento dos problemas mediante supostos concretos e reais que se poidan presentar na actuación ordinaria das persoas físicas e xurídicas.

SEGUNDO.- A Deputación da Coruña é consciente de que os concellos da provincia, dentro da ampliación dos seus servizos á comunidade e concretamente na área de Urbanismo, veñen precisando a colaboración de licenciados en Dereito que realicen labores de asesoramento en diversas materias relativas ao desenvolvemento da súa actividade ordinaria.

TERCEIRO.- Consideran ambas partes asinantes de gran importancia, poñer en execución un plan conxunto que permita proporcionar práctica xurídica nas diversas ramas do Dereito aos alumnos da Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, á vez que se contribúe ao fortalecemento dos servizos urbanísticos dos concellos da provincia da Coruña.

CUARTO.- Que a Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos un modelo de desenvolvemento baseado na colaboración cos municipios, no que as políticas que se van desenvolver han de estar lóxicamente ligadas a eles. Deben ser os concellos os que lles ofrezan servizos públicos que proporcionen un maior benestar e unha mellor calidade de vida aos seus veciños. Son pois, os concellos a administración máis próxima ao cidadán, os que han de dar resposta en primeira instancia ás súas necesidades. É por isto que o esforzo da deputación debe estar destinado a apoiar e colaborar cos concellos, sobre todo nun tema tan importante como é o urbanismo.

Que o artigo 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece que as entidades locais galegas axectarán a súa actuación aos seguintes principios: b) A colaboración, a cooperación e o auxilio que puidesen precisar conxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

Así mesmo, o artigo 195 da mesma Lei 5/1997 sinala que a colaboración e a cooperación poderán realizarse mediante: h) A subscrición de convenios.

QUINTO.- Mediante este acordo, a Deputación da Coruña financiará as prácticas nos servizos de Urbanismo dos concellos da provincia da Coruña, que previa subscrición do correspondente convenio coa Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, acollan no seu seo aos seus alumnos, encargándolles a realización de estudos, informes, escritos, consultas, xestións de expedientes, etc, en determinadas materias que sirvan, dun lado, para a práctica xurídica dos alumnos da Escola e, ao mesmo tempo, resulten de utilidade para os departamentos de Urbanismo do concello.

En consecuencia co anteriormente exposto, ambas partes formalizan o presente convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto:

1.- Financiar os gastos de adquisición de material necesario para a realización de prácticas dos alumnos da Escola de Práctica Xurídica dos concellos da provincia (derivados da execución do convenio nº 141/2005)

2.- Establecer a colaboración entre as partes para a execución dun plan conxunto, que permita proporcionar práctica xurídica e especialización profesional en Urbanismo e Administración local aos alumnos da Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, á vez que se contribúe ao fortalecemento dos servizos urbanísticos dos concellos da provincia da Coruña, reforzando unha das carencias postas de manifesto polos concellos e colaborando nun cambio cara a un urbanismo de calidade, no que a formación é prioritaria.

SEGUNDA.- DESIGNACIÓN DE ALUMNOS

A Escola de Práctica Xurídica, designará aos alumnos máis idóneos para a realización das prácticas no seo das Concellerías de Urbanismo dos concellos cos que subscriba o correspondente convenio. A designación efectuarase de acordo cos criterios de distribución acordados previamente entre ambas partes, e deberá contar coa conformidade do representante da institución receptora.

O labor realizado polos alumnos non terá en ningún caso carácter vinculante para a institución que os acolle.

Os concellos poderán utilizar todo o material, estudos, análises, etc. que sexan realizados polos alumnos ao longo da experiencia profesional.

TERCEIRA.- COORDINACIÓN.

Para levar adiante a posta en práctica deste convenio, a dirección do traballo, o seguimento e asesoramento do alumnado, coordinar a distribución dos alumnos nas dependencias das Concellerías de Urbanismo dos concellos e lograr a súa mellor estadía e o correcto aproveitamento deste plan, por parte da Escola de Práctica Xurídica actuarán como coordinadores o seu director e a colaboradora, D^a María Dolores Méndez Torres. Así mesmo, por parte da deputación actuará como coordinador o xefe do servizo de Patrimonio e Contratación D. Luis Jaime Rodríguez Fernández.

CUARTA.- DESENVOLVEMENTO.

O número de alumnos que as Concellerías de Urbanismo dos concellos admitan anualmente para a consecución dos obxectivos previstos neste convenio, así como a duración do período de prácticas que han realizar os alumnos nos correspondentes servizos dependentes dos concellos, o horario no que se efectuarán nelas e o labor concreto que desenvolverán, estableceranas de mutuo acordo as partes asinantes.

A Escola de Práctica Xurídica, remitiralle á Deputación da Coruña, un exemplar dos convenios que, á súa vez asine cos concellos da provincia da Coruña, para a posta en marcha desta actividade.

Rematado o período de prácticas, os concellos expedirán un certificado acreditativo do grao de cumprimento das obrigas e traballos encargados aos alumnos. Este certificado será tido en conta á hora de obter o título correspondente que expida a Escola de Práctica Xurídica.

QUINTA.- COMPROMISOS DAS PARTES.

1.- A deputación financiará, polo que respecta aos gastos derivados da execución do convenio nº 141/2005, a cantidade de 22.950,00€ de acordo co detalle reflectido na cláusula novena.

2.- A Deputación da Coruña financiará anualmente as prácticas nos servizos de Urbanismo dos concellos da provincia da Coruña, que previa subscrición do correspondente convenio coa Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, acollan no seu seo aos seus alumnos, encargándolles a realización de estudos, informes, escritos, consultas, xestións de expedientes, etc, en determinadas materias que sirvan, dun lado, para a práctica xurídica dos alumnos da Escola e, ao mesmo tempo, resulten de utilidade para os departamentos de Urbanismo dos concellos, reforzando así unha das carencias nos seus servizos postas de manifesto polos concellos.

No caso de que existan máis de 20 concellos interesados en subscribir o correspondente convenio, a súa selección farase dándolle prioridade aos que teñan un orzamento menor.

A Deputación da Coruña financiará as prácticas nos servizos de Urbanismo dos concellos da provincia da Coruña dun máximo de vinte alumnos da Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, establecéndose un importe que se cobrará por cada alumno en concepto de indemnización polos gastos de desprazamentos e mantenza, de 180 € ao mes por cada alumno (indemnización que se poderá distribuír pola dirección da Escola de xeito que cada alumno cobre 150 € ao mes, máis unha cantidade variable en función da quilometraxe), exceptuando o período entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Estas cantidades serán pagadas aos alumnos pola Escola de Práctica Xurídica, unha vez sexa ingresado o seu importe na Escola de Práctica Xurídica. A deputación aboará o dito importe con carácter trimestral á Escola de Práctica Xurídica na súa parte proporcional, previa xustificación da actividade realizada. A achega realizarase polo número real de alumnos que realicen as prácticas no período correspondente.

Así mesmo establécese a cantidade de 400 € ao mes, exceptuando o período comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro, por non ser lectivo na Escola de Práctica Xurídica, como contribución aos gastos de coordinación e xestión administrativa que xerará a posta en funcionamento e mantemento da actividade obxecto do convenio. O dito importe aboará a deputación a partir do 15 de setembro previa memoria de actividades realizada.

A deputación financiará igualmente cunha cantidade de 8.000 €, a adquisición do material necesario para desenvolver a actividade (como: bibliografía, fotocopias, material informático e audiovisual, mobiliario, etc.), así como parte do custos da formación dos alumnos na materia urbanística que levará a cabo a Escola.

A deputación, previa certificación emitida pola Secretaría da Escola, ingresará trimestralmente as cantidades correspondentes na conta previamente designada para o efecto pola Escola de Práctica Xurídica, polo que se refire aos gastos de desprazamentos e mantenza de alumnos e coordinación e xestión administrativa.

Polo que se refire aos gastos de adquisición material, aboaranse previa presentación de factura ou certificación de gastos, acompañada de informe do director da Escola no que se indique que o material entregóuselles ao alumnado nas condicións de calidade esixida.

Os alumnos terán un seguro médico e de accidentes que correrá por conta da Escola de Práctica Xurídica e que cubrirá estas continxencias.

A Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela comprométese, de ser necesario, a designar os seus profesionais colaboradores para os labores de dirección, seguimento e asesoramento do alumnado co obxecto de facer posible o correcto desenvolvemento das tarefas adscritas a este convenio.

O nomeamento de alumno en prácticas non establece ningunha relación laboral ou funcional coa Universidade de Santiago nin coa Deputación da Coruña ou cos concellos, e non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación dos seus beneficiarios ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela nin dos concellos e a Deputación da Coruña.

A Escola de Práctica Xurídica comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se conceden, e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

SEXTA.- OUTRAS OBRIGAS.

Previamente á realización do pagamento, a Escola de Práctica Xurídica deberá presentar a certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social.

En ningún caso a posible concorrencia desta axuda con outras que poida percibir a Escola de Práctica Xurídica para esta mesma actividade poderá superar o 100% do custo efectivamente realizado.

SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Crearase unha Comisión mixta con funcións de seguimento e avaliación do desenvolvemento do convenio, que asumirá, ademais, as funcións de coordinación entre as administracións e institucións asinantes, así como a función interpretadora do citado convenio resolvendo cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

Esta Comisión estará integrada por parte da Deputación da Coruña polo supervisor nomeado para o seguimento das actuacións; por parte dos concellos, polo representante que, no seu caso designen, e por parte da Escola de Práctica Xurídica, polo seu director e polo profesional designado polo centro para colaborar na coordinación da actividade .

Así mesmo, as partes comprométese a resolver amigablemente as diferenzas que puideran xurdir, a través desta Comisión de Seguimento.

A título enunciativo, esta Comisión terá como funcións facer o seguimento e avaliación do desenvolvemento do convenio, exercitando as funcións de coordinación entre as administracións e institucións asinantes, así coma interpretar o convenio e resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

OITAVA.- RESPONSABILIDADE.

O alumno non asumirá nunca directamente a responsabilidade dos labores que realice, senón que deberá actuar sempre baixo a supervisión do persoal designado polo concello e de ser preciso, polos profesionais colaboradores da Escola de Práctica Xurídica que esta designe.

O feito de que o alumnado realice o seu labor nos concellos, non suporá ningún tipo de responsabilidade para os concellos, nin para a Deputación da Coruña.

NOVENA.- ORZAMENTO.

1.- Polo que respecta aos gastos derivados da execución do convenio nº 141/2005, a cantidade de 22.950,00€ de acordo co seguinte detalle:

CONCEPTO	IMPORTE €	ANUALIDADE	APLICACIÓN
Fotocopias	2.216,07	2006	0601/451F/48901
15 ordenadores	18.750,00	2006	0601/451F/78901
1 proxector	1.400,00	2006	0601/451F/78901
Material funxíbel	583,93	2006	0601/451F48901
TOTAL	22.950		

2.-Polo que respecta aos gastos derivados do convenio para o curso académico de 2006/07 e 2007/08:

A Deputación da Coruña comprométese ao financiamento do orzamento da actividade que ascende a un total de 48.000 € ao ano cunha vixencia de dous anos, ascendendo o importe global do convenio a 96.000 €, de acordo co seguinte detalle:

CONCEPTO	IMPORTE €	EX. 2006	EX. 2007	EX. 2008	APLICACIÓN
Desprazamentos, manutención, etc. 180 €/ mes x 20 alumnos x 10 meses/ano	72.000	10.800	36.000	25.200	0601/451F/48901
Coordinación e xestión administrativa 400 €/ mes x 10 meses/ano	8.000	1.200	4000	2.800	0601/451F/48901
Adquisición de material necesario para o desenvolvemento da actividade e parte dos custos	16.000	16.000			0601/451F/78901
TOTAL	96.000	28.000	40.000	28.000	

O total do importe que se ha boar non excederá das cantidades sinaladas anteriormente, aínda no caso de que os gastos non financiados fosen superiores aos orzados.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña.

DÉCIMA.- VIXENCIA.

O prazo de vixencia do presente convenio é de dous anos contados desde a data da súa sinatura.

De ser necesario para ambas partes, poderase ampliar o número de alumnos a realizar prácticas nos concellos, para o que se tramitará a correspondente modificación e ampliación do orzamento do presente convenio.

Tamén se poderá extinguir a vixencia do convenio polo mutuo acordo das Administracións intervinientes, así como por decisión unilateral dalgunha delas cando se produza pola outra un incumprimento grave acreditado das obrigas asumidas.

UNDÉCIMA.- CUMPRIMENTO DO CONVENIO.

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente para a súa resolución.

Este convenio ten carácter administrativo, e as cuestións que poidan xurdir en relación con el serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión celebrada o día de dous mil seis.

En proba de conformidade, ambas partes asinan por exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data sinalados ao inicio.

DOUDÉCIMA - CLÁUSULA ADICIONAL

Polo que respecta aos gastos de adquisición material, derivados da execución do convenio nº 141/2005, aboaranse previa presentación de factura ou certificación de gastos, acompañada do informe do director da Escola na que se indique que o material se lle entregou aos alumnos nas condicións de calidade esixida. Deberán xustificarse antes do 15 de decembro de dous mil seis.”

8.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA DO CONCELLO DE RIBEIRA “RESTAURACIÓN DO ADRO DA IGREXA DE S. PEDRO (PALMEIRA), INCLUÍDA NO PLAN DE LIQUIDACIÓN DE 2000 DA RECUPERACIÓN DA ARQUITECTURA POPULAR. CÓDIGOS 99.4100.0429 E 00.4100.0429.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o proxecto técnico reformado da obra “Restauración do Adro da Igrexa de San Pedro, Palmeira (Ribeira)”, código 99.4100.0429.0 PAP, cun orzamento de 40.279,58 euros

O orzamento da obra, que ascende a 40.279,58 euros será financiado integramente pola deputación con cargo á partida 0305/469A/76231 do orzamento da Corporación.

2.- Dispor a exposición pública da memoria técnica aprobada mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que poidan presentarse alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non se presentar ningunha.

3.- Facultar ao presidente para canto proceda en orde á xestión e execución do presente acordo. “

9.-APROBACIÓN DO PLAN ESPECIAL DE HERBA ARTIFICIAL NOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS 2006.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistas as Bases reguladoras do Plan especial de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2006, aprobadas polo Pleno da deputación o 25 de maio de 2006, cuxo texto íntegro está publicado no BOP nº 123, do 31 de maio de 2006.

Vistas as solicitudes presentadas polos diversos concellos da provincia ao abeiro das citadas bases.

Vista a proposta de selección das obras subscrita o 15 de novembro de 2006 polo Sr. presidente da Comisión Informativa de Plans Especiais Contratación e Equipamento, no que se puntúa cada unha das solicitudes, logo de aplicar o baremo establecido nas bases reguladoras do plan, pola que se recollen nunha listaxe de prioridade as solicitudes de acordo coa puntuación obtida, propónse incluír na anualidade 2006 do plan as 28 primeiras obras da listaxe de prioridade, cuxa achega provincial pode ser financiada con cargo ao crédito dispoñible nesta anualidade; e para as 13 obras restantes, propónse incluílas na anualidade 2007 para seren financiadas con cargo ao crédito que figura no proxecto de presuposto provincial para o dito exercicio.

Visto o saldo dispoñible existente na anualidade 2006 na partida 0501/452D/76201, así como a consignación prevista para o exercicio 2007 nesta mesma partida no proxecto do presuposto provincial para a dita anualidade.

1º.- Aprobar o Plan especial de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2006, cuxas bases foron aprobadas polo Pleno da deputación en sesión celebrada o 25 de maio de 2006, e cuxo texto íntegro está publicado no BOP nº 123, o 31 de maio de 2006.

Na anualidade 2006 deste plan inclúense as actuacións que figuran no anexo a este acordo, coa indicación do seu detalle de financiamento entre os respectivos concellos e a deputación:

A achega provincial a esta anualidade 2006 finánciase con cargo á partida 0501/452D/76201 do presuposto provincial para o exercicio 2006.

2º .- Aprobar con carácter anticipado as obras que se inclúen na anualidade 2007, ao abeiro do establecido no artigo 56 do Real decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE nº 176, do 25 de xullo de 2006).

A aprobación definitiva deste expediente e a execución dos correspondentes proxectos queda condicionada á entrada en vigor do presuposto provincial para o exercicio 2007 e a acreditación da existencia de crédito adecuado e suficiente na partida 0501/452D/76201.

Na anualidade 2007 deste plan inclúense as actuacións que figuran no anexo a este acordo, coa indicación do seu detalle de financiamento entre os respectivos concellos e a deputación.

3º.- Aprobar os proxectos técnicos correspondentes ás obras incluídas no plan.

4º.- A execución dos campos que deseguido se indican queda condicionada a que o concello realice, con carácter previo á dotación da herba artificial, un peche exterior con valado de altura axeitada arredor de todo o campo, para evitar a deterioración das instalacións, segundo se esixe na base 2 do plan. Nesta situación atópanse as obras solicitadas polos seguintes concellos:

Arteixo	Boiro	Cerceda	Ordes	Ortigueira
Oza dos Ríos	Santiso	Somozas	Tordoia	

O cumprimento desta condición deberana acreditar os respectivos concellos con carácter previo á adxudicación da obra, mediante a achega do proxecto técnico ou memoria valorada do peche, a financiar exclusivamente polo concello, debidamente aprobado polo órgano municipal competente xunto co compromiso municipal de que a súa contratación se levará a cabo previa ou simultaneamente á execución das obras incluídas no plan.

5º.- A contratación e execución das obras realizarana os respectivos concellos, de acordo co establecido nas bases 8, 9 e 10.

O prazo previsto na base 8 para a contratación das obras que se inclúen neste plan ampliase até o 31 de maio de 2007.

6º.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, poderanse proseguir coas actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se presente ningunha.

7º.- Remitir o expediente para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo de 1997, de administración local de Galicia, poderanse proseguir as actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se presente ningunha.”

PLAN ESPECIAL DE HERBA ARTIFICIAL NOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS 2006

ANEXO Ó EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DO PLAN

OBRAS INCLUÍDAS NA ANUALIDADE 2006

Concello	Código de obra	Denominación	Orzamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Coruña A	06.3240.0001.0	Transf. en céspede artif. cmp. fútbol A. Iglesias (Grela II)	338.398,21	59.717,34	398.115,55
Santiago de Compostela	06.3240.0002.0	Ref. cmp. fútbol As Cancelas	332.055,22	58.597,98	390.653,20
Ferrol	06.3240.0003.0	Transf.en céspede artificial cmp. mpal. . fútbol A Gándara	339.263,82	59.870,09	399.133,91
Boiro (1)	06.3240.0004.0	Dot.pav.herba artificial cmp.fútbol Vista Alegre	340.000,00	142.506,58	482.506,58
Culleredo	06.3240.0005.0	Cmp. céspede artificial no Burgo	295.173,30	52.089,40	347.262,70
Oleiros	06.3240.0006.0	Const. cmp. fútbol de herba artificial en Condús	339.819,83	59.968,21	399.788,04
Narón	06.3240.0007.0	Transf. céspede artificial cmp. fútbol O Val	308.093,56	54.369,45	362.463,01
Betanzos	06.3240.0008.0	Cmp. céspede artificial no Carregal	338.779,36	59.784,59	398.563,95
Porto do Son	06.3240.0009.0	Const. cmp. fútbol herba artificial Preguntoiro	339.989,67	59.998,18	399.987,85
Ames	06.3240.0010.0	Césped artificial no cmp. fútbol zona deportiva Bertamiráns	340.000,00	75.467,71	415.467,71
Ordes (1)	06.3240.0011.0	Inst. terreo herba artificial cmp. fútbol Ordes	328.013,12	57.884,67	385.897,79
Sada	06.3240.0012.0	Inst. céspede artificial no cmp. fútbol mpal.	340.000,00	160.607,00	500.607,00
Arzúa	06.3240.0013.0	Implantación herba artificial cmp.fútbol de Arzúa	340.000,00	105.961,76	445.961,76
Cabana de Bergantiños	06.3240.0014.0	Subst.herba natural por artificial cmp. fútbol As Redondas	340.000,00	61.061,80	401.061,80
Camariñas	06.3240.0015.0	Inst.césped artif.cmp. fútbol mpal.	340.000,00	110.587,35	450.587,35
Negreira	06.3240.0016.0	Adapt. cmp. fútbol de Cepelo	339.997,82	59.999,62	399.997,44
Cerceda (1)	06.3240.0017.0	Cmp. céspede artificial en Piñeiro	339.969,91	59.994,69	399.964,60
Val do Dubra	06.3240.0018.0	Inst. terreo xogo herba artificial cmp. fútbol da Telleira	267.799,79	47.258,79	315.058,58
Malpica de Bergantiños	06.3240.0019.0	Inst. céspede artificial cmp. fútbol Xaviña-Buño	340.000,00	202.687,94	542.687,94
Dodro	06.3240.0020.0	Inst. terreo de xogo herba artificial en Chenlo	334.265,88	58.988,10	393.253,98
Ares	06.3240.0021.0	Constr. cmp. de herba artificial Prados Vello-Ares	340.000,00	68.031,93	408.031,93
Oroso	06.3240.0022.0	Const. cmp. fútbol céspede artificial en Sigüeiro-Oroso	340.000,00	104.913,21	444.913,21
Carnota	06.3240.0023.0	Inst. herba artificial cmp.fútbol mpal. Carnota	339.759,74	59.957,61	399.717,35
Abegondo	06.3240.0024.0	Transf.cmp.fútbol céspede natural en Vizoño	338.494,71	59.734,36	398.229,07
Santiso (1)	06.3240.0025.0	Inst. terreo de xogo herba artificial cmp. fútbol mpal.Santiso	295.921,87	52.221,51	348.143,38
Zas	06.3240.0026.0	Const. campo fútbol céspede artificial en Baio	335.627,49	59.228,39	394.855,88
Corcubión	06.3240.0027.0	Subst. firme area por céspede artif. cmp. fútbol Corcubión	304.409,13	53.719,25	358.128,38
Cariño	06.3240.0028.0	Subst. céspede herba artificial cmp. fútbol Laguna-Barreiros	297.773,60	52.548,28	350.321,88
28		SUBTOTAL ANUALIDADE 2006.....	9.213.606,03	2.117.755,79	11.331.361,82

OBRAS INCLUÍDAS NA ANUALIDADE 2007

Concello	Código de obra	Denominación	Orzamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Ortigueira (1)	07.3240.0029.0	Mellora campo fútbol mpal. S. Claudio	335.240,41	59.160,07	394.400,48

Muros	07.3240.0030.0	Inst. herba artificial no cmp. fútbol mpal. de Muros	339.989,67	59.998,18	399.987,85
Oza dos Ríos (1)	07.3240.0031.0	Inst. céspede artificial campo fútbol mpal. Loureiro-Saltos	339.893,70	59.981,24	399.874,94
Lousame	07.3240.0032.0	Inst. céspede artificial cmp. fútbol de Cabanetán	280.195,35	49.446,24	329.641,59
Vimianzo	07.3240.0033.0	Inst. herba artificial no actual cmp. fútbol Vimianzo	340.000,00	60.000,00	400.000,00
Somozas As (1)	07.3240.0034.0	Subst.terreo xogo por herba artificial cmp. mpal. Pardiñas	340.000,00	87.020,90	427.020,90
Trazo	07.3240.0035.0	Construción cmp. fútbol en Chaián	340.000,00	104.816,16	444.816,16
Dumbría	07.3240.0036.0	Cmp. de fútbol herba artificial en Dumbría	340.000,00	94.823,60	434.823,60
Tordoia (1)	07.3240.0037.0	Inst. terreo xogo herba artificial cmp. fútbol de Gorgullos	340.000,00	75.729,36	415.729,36
Arteixo (1)	07.3240.0038.0	Cmp.fútbol de céspede artificial en Uxes	314.466,62	55.494,11	369.960,73
Outes	07.3240.0039.0	Dot. céspede sintético cmp. mpal. Conchido	340.000,00	110.587,35	450.587,35
Padrón	07.3240.0040.0	Inst. cmp. herba artificial Baiuca-Padrón	340.000,00	180.854,09	520.854,09
Vedra	07.3240.0041.0	Cmp. fútbol céspede artif. Escola. deport.Rivadulla	297.934,89	52.576,74	350.511,63
13		SUBTOTAL ANUALIDADE 2007.....	4.287.720,64	1.050.488,04	5.338.208,68
		TOTAL ANUALIDADES 2006 E 2007.....	13.501.326,67	3.168.243,83	16.669.570,50

(1) Campos non dotados na súa totalidade de peche.

10.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA DISTRIBUCIÓN INTERNA DO FINANCIAMENTO DO PLAN DE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS 2006 COFINANCIADO CON FONDOS FEDER, IMSERSO, FUNDACIÓN ONCE E DEPUTACIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o texto do convenio de colaboración recibido do IMSERSO en cuxo apartado quinto faise unha nova distribución do financiamento entre os axentes que realizan achegas ao Plan de eliminación de barreiras arquitectónicas 2006 cofinanciado con fondos FEDER, IMSERSO, ONCE e Deputación, que foi aprobado por acordo plenario desta Deputación o 26 de outubro de 2006:

1º.- Aprobar a modificación da distribución interna do financiamento do Plan de eliminación de barreiras arquitectónicas 2006 cofinanciado con fondos FEDER, IMSERSO, ONCE e Deputación, cuxo presuposto total non varía, pero si se modifican as achegas dos distintos axentes segundo se detalla a continuación:

	Financiamento inicial		Novo financiamento		Diferenza
FEDER	126.541,28	70 %	131.602,93	72,80 %	5.061,65
IMSERSO	21.692,79	12 %	22.560,50	12,48 %	867,71
FUNDACION ONCE	12.654,12	7 %	5.929,36	3,28 %	-6.724,76
DEPUTACIÓN	19.885,06	11 %	20.680,46	11,44 %	795,4
TOTAL	180.773,25	100 %	180.773,25	100 %	0

2º.- Con isto a distribución interna de cada unha das obras queda como deseguido se indica:

PLAN DE ELIMINACION DE BARRERAS ARQUITECTÓNICAS 2006

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	72,80%	12,48%	3,28%	11,44%
				FEDER	IMSERSO	ONCE	DEPUTACIÓN
ARTEIXO	06.2930.0001.0	RAMPLA E ASCENSOR EDIFICIO SERVICIOS MÚLTIPLES	25.878,64	18.839,65	3.229,65	848,82	2.960,52
CAMBRE	06.2930.0002.0	RAMPLA MECÁNICA COLEXIO CEIP BREXO	15.142,86	11.024,00	1.889,83	496,69	1.732,34
	06.2930.0003.0	RAMPLA MECÁNICA COLEXIO CEIP SIGRAS	16.035,71	11.674,00	2.001,26	525,97	1.834,48
CULLEREDO	06.2930.0004.0	ASCENSOR C. CULTURAL PAZO VILABOA	25.288,00	18.409,66	3.155,94	829,45	2.892,95
NARÓN	06.2930.0005.0	SALVAESCALEIRAS E ASEOS EDIFICIO XULGADOS	38.439,70	27.984,10	4.797,27	1.260,82	4.397,51
OLEIROS	06.2930.0006.0	ASCENSOR, PORTA E ASEOS C. CULTURAL CASA ETCHEVERRY	46.073,47	33.541,49	5.749,97	1.511,21	5.270,80
	06.2930.0007.0	ELEVADORES HIDRÁULICOS PISCINAS MUNICIPAIS	13.914,87	10.130,03	1.736,58	456,40	1.591,86
T O T A L			180.773,25	131.602,93	22.560,50	5.929,36	20.680,46
NÚMERO DE CONCELLOS			5				
NÚMERO DE OBRAS			7				

3º.- Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta nos art. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

5º.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o presente expediente.”

11- TOMA DE COÑECEMENTO DOS INFORMES EMITIDOS POLA EMPRESA KPMG AUDITORES S.L. SOBRE A REVISIÓN DOS CRITERIOS ESTABLECIDOS NO ART. 4 DO REGULAMENTO (CE) 438/2001, NAS OBRAS NO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2000-2006, E PROPOSTA DE MEDIDAS DE MELLORA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os informes emitidos pola empresa *KPMG Auditores SL*. sobre as verificacións esixidas no art. 4 do Regulamento (CE) nº 438/2001 da Comisión relativos a 20 obras seleccionadas dunha mostra de actuacións incluídas no Programa operativo local 2000-2006.

1.- Tomar coñecemento do contido dos devanditos informes, nos que, en xeral, se pon de manifesto que non xurdiu ningún aspecto significativo digno de mención que leve a concluír que o proxecto analizado non cumpra cos requisitos que sobre normativa nacional e comunitaria relativa ás operacións financiadas polo FEDER.

2.- Adoptar as medidas de mellora que a continuación se indican, para evitar que as pequenas incidencias que se poñen de manifesto nos informes, se repitan no sucesivo. As medidas de mellora concréntanse nas seguintes:

- Facer un seguimento do cumprimento do prazo para asinar a acta de comprobación do replanteo, disposto no art. 142 do RD 2/2000 polo que se aproba o TRLCAP, e analizar, no seu caso, as circunstancias obxectivas que poidan concorrer en cada expediente.
- Facer un seguimento do cumprimento dos prazos de publicación da adxudicación dispostos no art. 93 do RD 2/2000 polo que se aproba o TRLCAP, e analizar, no seu caso, as circunstancias obxectivas que poidan concorrer en cada expediente.
- Facer un seguimento do cumprimento da obriga de facer referencia ao financiamento europeo nos anuncios de licitación no BOP/DOG, nos pregos de cláusulas administrativas e nos contratos asinados co adxudicatario.

3.- Remitir o presente acordo ao Ministerio de Administracións públicas para os efectos do seu traslado aos órganos de seguimento do Programa operativo local.”

12.-APROBACIÓN DUN CONVENIO CO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ PARA O FINANCIAMENTO DA CREACIÓN DUNHA AULA DE ENERXÍA RENOVÁBEL EN CUBA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración, cuxo texto se xunta, co Concello das Pontes de García Rodríguez para o financiamento dun proxecto piloto para a instalación dunha aula de enerxías renovábeis en Cuba.

2º.- Facultar ao presidente da deputación para a execución do presente acordo.

Número /2006

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, PARA O FINANCIAMENTO DUN PROXECTO PILOTO PARA A INSTALACIÓN DUNHA AULA DE ENERXÍAS RENOVÁBEIS.

A Coruña, na sede da Deputación provincial, de dous mil seis

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, como presidente da Excmo. Deputación Provincial da Coruña, na súa representación e en uso das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren na Lei reguladora das bases de réxime local, Lei 7/85, do 2 de abril (modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local) e na Lei 5/97, da administración local de Galicia.

Doutra parte o Ilmo. Sr. D. Víctor Guerreiro Pena, na condición de ALCALDE-PRESIDENTE, que actúa en nome e representación do Concello das Pontes, en virtude das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren na Lei reguladora das bases de réxime local, Lei 7/85, do 2 de abril (modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local) e na Lei 5/97, da administración local de Galicia.

As partes que interveñen recoñécense, reciprocamente capacidade legal para subscribir o presente convenio e asumindo as obrigas e dereitos derivados del.

EXPOÑEN:

O Concello das Pontes de García Rodríguez estase a situar nos derradeiros anos nun referente no uso e desenvolvemento das enerxías renovábeis, consonte co cal promove, entre outras actividades e investimentos, accións formativas de diversa natureza, relacionadas coa investigación e o aproveitamento de fontes de enerxía alternativas, en colaboración co Instituto de Ciencias da Educación, da Universidade de Santiago de Compostela, así como co *Instituto Superior Pedagógico Enrique José Varona*, da Universidade da Habana-Cuba.

A partir dos contactos do Concello das Pontes e do Instituto de Ciencias da Educación, da Universidade de Santiago de Compostela, con diversos organismos cubanos de carácter educativo e social, foise definindo o obxecto do proxecto, que consiste na participación no desenvolvemento sostible e o aproveitamento de enerxías renovábeis nun país como Cuba, que, malia o déficit enerxético que rexistra, conta con moi boas condicións naturais para facer uso das enerxías alternativas.

A Deputación Provincial da Coruña, no marco das competencias que a lexislación lle atribúe, está interesada na participación no proxecto de desenvolvemento de enerxías renovábeis, en

orde ao fomento e administración dos intereses peculiares da provincia. Polo que acordan a celebración dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

O proxecto concrétase na instalación dunha “Aula de enerxías renovábeis”, co fin de poñer a disposición do *Instituto Superior Pedagógico* de Cuba unha serie de instalacións que servirán como sistema demostrativo dentro do ensino, para a formación de docentes e de especialistas locais a nivel práctico, e como escaparate das posibilidades de desenvolvemento das enerxías renovábeis.

SEGUNDA: CONTIDO DA COLABORACIÓN

A Deputación da Coruña comprométese a subministrar a cantidade de DEZASEIS MIL DOUSCENTOS CINCOENTA EUROS (16.250€) para financiar os gastos relacionados co proxecto, sobre un presuposto de gastos de 32.500€, o que supón unha achega provincial do 50%.

As actuacións específicas consisten no seguinte:

- Formación de técnicos no país de orixe, Cuba.
- Acumulación de material e labores de loxística para o seu transporte a Cuba, así como a realización das instalacións antes de enviar ao citado país os equipos e material.
- Montaxe de sistemas, control e seguimento das instalacións feitas en Cuba desde Galicia.

A execución directa do obxecto do presente convenio, polo tanto, estará a cargo do Concello das Pontes de García Rodríguez, que á súa vez actuará en colaboración co Instituto de Ciencias da Educación, da Universidade de Santiago de Compostela, así como co *Instituto Superior Pedagógico Enrique José Varona*, da Universidade da Habana-Cuba.

O orzamento dos gastos a financiar coa achega da deputación ascende a 32.500€ (sendo a achega provincial igual ao 50%), que se detallan en:

Acumulación de equipos e material: 13.000€:

- 10 Ordenadores (10.000€)
- 1 Canón para equipo informático (2.000€)
- 5 Impresoras (1.000€)

Material funxíbel e desprazamentos: 19.500€:

- Programas de renovábeis (3.500€)
- Tintas e recambios (2.500€)
- Libros, unidades didácticas, etc. (9.277€)
- Gastos envío materiais (1.723€)
- Desprazamentos e estadía de dúas persoas (2.500€)

No caso de que a prestación non a realice o propio concello, este comprométese, de conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, con carácter previo á realización das obras, a solicitar, polo menos, un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, elixindo de entre as recibidas a que resulte máis

axeitada conforme a criterios de eficiencia e economía, deberá xustificarse a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

A achega da deputación materializarase en 2 prazos, mediante transferencia bancaria á conta designada polo Concello das Pontes.

O primeiro prazo, por importe do 50% da achega provincial, por importe de 8.125 €, á sinatura do convenio.

O segundo, polo 50% restante, por importe de 8.125 €, tras a presentación previa da seguinte documentación:

- Informe do representante legal, no que se indiquen as actuacións realizadas e dos gastos realizados.
- Certificación detallada dos gastos.
- Facturas, nóminas, recibos e outras pezas xustificativas de gastos realizados na execución do obxecto do convenio.

As transferencias bancarias correspondentes materializaranse despois dos informes do Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e da Intervención de Fondos Provinciais. Dos pagos que se realicen darase conta ao Servizo de Patrimonio e Contratación.

O Concello das Pontes acreditará documentalmente estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais coa Facenda Pública estatal e coa Seguridade Social. A acreditación de estar ao corrente das obrigas fiscais coa deputación determinarao de oficio a propia deputación, a través do seu Servizo Provincial de Recadación.

Para a realización dos pagos previstos, a deputación queda autorizada para solicitar, en nome do Concello das Pontes, as acreditacións mencionadas no parágrafo anterior.

Para cuantificar o gasto subvencionábel xustificado en moeda distinta ao euro, aplicarase o tipo de cambio oficial establecido no día de remisión da documentación xustificativa á deputación. Todos os pagos que realice a deputación serán en moeda euro.

A falta de xustificación en prazo, sen que medie solicitude de prórroga, dará lugar ao reintegro do importe percibido e non xustificado, xunto co xuro de mora correspondente.

O Concello das Pontes comprométese a:

1º.- Deixar constancia nas instalacións obxecto do convenio e na difusión das súas actividades e resultados da participación da Deputación Provincial da Coruña.

2º.- Poñer en coñecemento da deputación outras axudas que lle sexan concedidas para a mesma finalidade. A achega provincial reducirase na medida que a axuda percibida minore o custo do proxecto financiado.

3º.- Destinar as instalacións e equipos adquiridos con cargo á subvención provincial á finalidade indicada no presente convenio por un prazo mínimo de dous anos.

Malia o previsto para o sistema de pagos, o Concello das Pontes poderá solicitar o aboamento da achega provincial correspondente á documentación xustificativa presentada. En ningún caso a achega provincial excederá do 50% do importe xustificado.

TERCERA: DIRECCIÓN TÉCNICA DO CONVENIO

A dirección técnica do presente convenio corresponderalle ao Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio estará en vigor desde o día da súa sinatura ata a terminación da actividade obxecto de financiamento. En ningún caso o convenio producirá efectos despois do 31 de decembro de 2007.

QUINTA: INTERPRETACIÓN

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio integraraas, interpretaraas e resolveraas motivadamente a Deputación da Coruña, conforme co disposto no presente convenio e a normativa española aplicábel, principalmente na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non obstante o indicado no parágrafo anterior, calquera das partes poderá iniciar as accións xurisdicionais que estime oportunas, declarándose neste mesmo convenio sometidas ambas ao foro xurisdiccional dos órganos da administración de Xustiza que foran competentes no ámbito da Coruña.

SEXTA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Será causa de resolución do presente convenio e dará lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas:

- O incumprimento das cláusulas nel establecidas.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos nel determinados.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades percibidas.

No caso de solicitarse o reintegro, a aplicación dos xuros de mora correspondentes non procederá cando o incumprimento obedecese a causa non imputábel á entidade beneficiaria.

Para todo o non previsto no presente convenio estarase ao disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario do trinta de novembro de dous mil seis.

En proba de conformidade dos intervenientes coa totalidade das estipulacións arriba consignadas, ambos os dous asinan o presente instrumento convencional, por duplicado exemplar, no lugar e data do seu encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO
DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Asdo.- Salvador Fernández Moreda

Asdo.-Victor Guerreiro Pena

13.-APROBACIÓN PROVISIONAL Á 4ª RELACIÓN DA 3ª FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS 2005 INTEGRADA POLO PROXECTO DE TRAVESÍA NA EP 0603 DE BOIMORTO AO ORXAL POLA MOTA, P.K. 0,30 AO P.K. 1,30 (BOIMORTO)

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Modificar o acordo plenario do 31 de marzo de 2005 no sentido:

Onde di: 283.487,96

Orzamento: euros

Debe dicir:

Orzamento: 137218,98 euros

UNHA VEZ DETALLADO O PROXECTO E SENDO ESTE O ORZAMENTO de contrata DA PRIMEIRA FASE.

2.- Aprobar provisionalmente A QUINTA RELACION DA TERCEIRA FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS 2005 3º FASE integrada polos proxectos que se relacionan por seren os que se axustan ao disposto nas BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE HAN INCLUÍR NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004-2007.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
05.1130.0009.0	TRAVESIA NA E.P. 0603 DE BOIMORTO AO ORXAL POLA MOTA PK 0,30 AO PK 1,30 (BOIMORTO)	137.218,98
TOTAL.....		137.218,98

3.- Expoñer ao público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.

4.- Polo que se refire á contratación das obras, esta será obxecto de expediente independente que se tramitará unha vez que se aprrobe definitivamente o plan e consten as correspondentes autorizacións e permisos así como a dispoñibilidade dos terreos.”

14.-APROBACIÓN AO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006 4º FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO COMPLEMENTARIO Nº 1 DA OBRA AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO NA EP 3203 BURRICIOS A PENAMARTÍN DENDE DO P.K. 6,375 AO P.K. 12,750 E TOMA DE CONSIDERACIÓN DO PROXECTO INCLUÍDO NEL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan de vías provinciais 2006, 4ª fase, integrado polos proxectos que a continuación se relacionan e tomar en consideración os proxectos incluídos neles, cun orzamento total de 34.334,50.- euros, con cargo á partida 0401/511B/61102:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
06.1110.0005.0	COMPLEMENTARIO Nº1 DA OBRA AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 3203 BURRICIOS A PENAMARTIN DESDE O P.K.6+375 AO P.K. 12+750	34.334,50
TOTAL.....		34.334,50

2) Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

15.- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA EP 7804 VAL DO DUBRA A SANTIAGO (TRAMO AGRO DO MESTRE-SANTIAGO) P.K. 10,590 AO 22,950 (FRACCIÓN RÍO TAMBRE-SANTIAGO) SANTIAGO DE COMPOSTELA QUE INTEGRARÁN A 11ª RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 DE ACORDO CO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008, E SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA A DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar tecnicamente o proxecto que integrará a UNDÉCIMA RELACION DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008, de acordo co PROGRAMA DE INVESTIMENTOS DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión plenaria celebrada o 30 de xuño de 2005 . A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e a súa aprobación definitiva.

TITULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA	ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN (PREVISIÓN PARA EXPROPIACIÓN)
ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA E.P. 7804 VAL DO DUBRA A SANTIAGO (TRAMO AGRO DO MESTRE-SANTIAGO) PK 10,590 AO 22,950 (FRACCIÓN RÍO TAMBRE- SANTIAGO) (SANTIAGO DE COMPOSTELA)	2.505.040,72	320.033,27

Expoñer ao público o proxecto da UNDÉCIMA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados. Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo

en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tales como que:

TITULO DO PROXECTO	RAZÓNS QUE MOTIVAN A URXENTE OCUPACIÓN
<p>ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA E.P. 7804 VAL DO DUBRA A SANTIAGO (TRAMO AGRO DO MESTRE-SANTIAGO) PK 10,590 AO 22,950 (FRACCIÓN RÍO TAMBRE- SANTIAGO) (SANTIAGO DE COMPOSTELA)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - O trazado mencionado ten unha lonxitude total de 6,399 km; discorre polo termo municipal de Santiago de Compostela, comeza no límite co termo municipal de Trazo (cruzamento co río Tambre) e finaliza coa estrada EP 0701. - A estrada discorre por dous núcleos Ponte Albar e Abudiño ata o PK 6,326. O tramo seguinte (pk 6,326 ao 6,838 xa se atopa acondicionado). A partir do PK 6,838 e ata o 7,960 non existe ningún núcleo de poboación e en consecuencia proxectouse un novo eixe cuns parámetros xeométricos mellores. Na última recta do tramo anterior comeza a poboación de Miramontes. Despois do paso por esta zona o trazado volve mellorar as súas características. Iníciase a travesía da "Peregrina" que é obxecto doutro proxecto actualmente xa redactado. Unha vez superada a travesía proxéctanse aliñacións ata a intersección coa EP 0701 na que se proxectou unha glorieta. - A sección tipo adoptada consiste en dúas calzadas de 3,50 metros cada unha, dúas beiravías de 1 metro. - Na actualidade a estrada presenta unhas dimensións reducidas, cun firme en mal estado e nalgúns zonas de trazado as curvas teñen un radio moi pequeno. - Preténdese mellorar a comunicación entre os correspondentes núcleos. - O largo da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, é bastante escaso, cunha calzada en torno aos 5 metros, sen liñas horizontais nin separación de carrís. - A estrada discorre tamén por zonas eminentemente rurais, actuando como vía distribuidora que comunica coas pistas de concentración ás aldeas da contorna e ás diferentes explotacións gandeiras. - A existencia de camiños e estradas que acceden con interseccións mal acondicionadas e perigosas. Acondicionaranse co fin de dotalas de maior visibilidade. - Co novo trazado preténdese proporcionar maior seguridade aos viandantes á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos, todo iso tendo en conta que a estrada transcorre por zonas poboadas e con accesos por ambas bandas ás pistas de parcelaria e ás explotacións gandeiras. - A intensidade media do tráfico que aumentou nos últimos anos - Proporcionar maior seguridade aos viandantes á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos

Todo iso coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

Someter á información pública os referidos expedientes de expropiación mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

16.-APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA EP 7804 VAL DO DUBRA A SANTIAGO (TRAMO AGRO DO MESTRE-SANTIAGO) P.K. 10,590 AO 22,950 (FRACCIÓN AGRO DO MESTRE-RÍO TAMBRE) TRAZO QUE INTEGRARÁN A 11ª RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008, DE ACORDO CO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008, E SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA A DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar tecnicamente os proxectos que integrarán a UNDÉCIMA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008, de acordo co PROGRAMA DE INVESTIMENTOS DE VIAS PROVINCIAIS 2006-2008 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión plenaria celebrada o 30 de xuño de 2005 . A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e á súa aprobación definitiva.

TITULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA	ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN (PREVISIÓN PARA EXPROPIACIÓNS)
ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA E.P. 7804 VAL DO DUBRA A SANTIAGO (TRAMO AGRO DO MESTRE-SANTIAGO) PK 10,590 AO 22,950 (FRACCIÓN AGRO DO MESTRE- RÍO TAMBRE) (TRAZO)	2.279.259,08	224.020,89

Expoñer ao público os proxectos da UNDÉCIMA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados. Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tales como que:

TITULO DO PROXECTO	RAZÓNS QUE MOTIVAN A URXENTE OCUPACIÓN
ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA E.P. 7804 VAL DO DUBRA A SANTIAGO (TRAMO AGRO DO MESTRE-SANTIAGO) PK 10,590 AO 22,950 (FRACCIÓN AGRO DO MESTRE- RÍO TAMBRE) (TRAZO)	<ul style="list-style-type: none"> - O trazado mencionado ten unha lonxitude total de 5,260 km; discorre polo termo municipal de Trazo, comeza na intersección coa EP 5903 e finaliza no paso do río Tambre, xusto no límite co termo municipal de Santiago de Compostela. - O trazado iníciase na intersección (glorieta) coa EP 5903. A definición deste cruzamento xiratorio corresponde ao proxecto da EP 5903 - A primeira aliñación é unha pequena recta, seguida dunha curva e ao final desta iníciase o núcleo da Piña. Finalizado esta poboación hai unha zona de curvas ata o núcleo de Xixirei. Posteriormente o trazado consta de dúas aliñacións rectas e ata o pk 3,820 o eixe discorre polos seguinte núcleos de poboación: A Noia, Merelle e Abelaíño. Despois desta zona de núcleos de poboación, o trazado presenta uns parámetros xeométricos superiores ata o núcleo de Ponte Albar (pk5,260) ata a ponte sobre o río Tambre. - A sección tipo adoptada consiste en dúas calzadas de 3,50 metros cada unha, dúas beiravías de 1 metro. - Na actualidade a estrada presenta unhas dimensións reducidas, cun firme en mal estado e nalgunhas zonas de trazado as curvas teñen un radio moi pequeno. - Preténdese mellorar a comunicación entre os correspondentes

	<p>núcleos.</p> <ul style="list-style-type: none"> - O largo da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, é bastante escaso, cunha calzada arredor dos 5 metros, sen liñas horizontais nin separación de carrís. - A estrada discorre tamén por zonas eminentemente rurais, polo que actúa como vía distribuidora que comunica coas pistas de concentración ás aldeas da contorna e ás diferentes explotacións gandeiras. - A existencia de camiños e estradas que acceden con interseccións mal acondicionadas e perigosas. Acondicionaranse co fin de dotalas de maior visibilidade. - Co novo trazado preténdese proporcionar maior seguridade aos viandantes á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos, todo iso tendo en conta que a estrada transcorre por zonas poboadas e con accesos por ambas bandas ás pistas de parcelaria e ás explotacións gandeiras. - A intensidade media do tráfico que aumentou nos últimos anos - Proporcionar maior seguridade aos viandantes á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos
--	--

Todo iso coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

Someter a información pública os referidos expedientes de expropiación mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

17.-PROPOSTA DE INCORPORACIÓN DA DEPUTACIÓN Á FUNDACIÓN “REFUXIO DE ANIMAIS” E CONCESIÓN DUNHA ACHEGA PROVINCIAL ÁS OBRAS DA CANCEIRA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1.- Acordar a incorporación, como patrón electivo, da Excma. Deputación Provincial da Coruña á Fundación Pública Refuxio de Animais de Santiago de Compostela.

2.- Acordar a subvención de 30.000 € de achega provincial á fundación como transferencia de capital para financiar obras de adecuación da canceira de Santiago de Compostela xestionada pola fundación. O compromiso da achega provincial queda sometido á condición suspensiva de que se tramite o oportuno convenio co contido disposto na Base 49ª das de execución do orzamento provincial coa incorporación do proxecto técnico que debe conter os requisitos do artigo 124 do TRLCAP. En ningún caso a achega provincial superará o 80% do custo da actividade ou proxecto subvencionado de conformidade coa base 48ª das de execución do orzamento provincial.

3.- Designar como representante da Corporación provincial no Padroado da fundación ao sr. deputado provincial: D. Pablo Villamar Díaz.

4.- A motivación do acordo ten a súa causa na circunstancia de ser referida a achega provincial á única canceira que nos seus estatutos recolle a participación dos concellos limítrofes con aquel onde está situada a canceira.

5.- Facultar ao Ilmo. sr. presidente da Corporación para a sinatura do convenio que instrumente a achega provincial á fundación.”

18.-PROPOSTA DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO ADMINISTRATIVO PARA PROMOVER O FINANCIAMENTO DE OBRAS DE ADECUACIÓN DO RECINTO FEIRAL DE FERROL (FIMO).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1.- Aprobar o texto do convenio que ha subscribir a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio Pro-Feiras e Exposicións de Ferrol (FIMO) para financiar a execución das obras de adecuación do Recinto Feiral de Ferrol.

2.- A achega provincial prevista no convenio ascende a un total de 1.035.823 euros.

A achega poderase facer efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/721A/767.00.

3.- Condicionar a eficacia do presente acordo a que, no exercicio 2007, se habilite crédito suficiente con que facer fronte á achega provincial prevista, que ascende a 685.823 €.

4.- Excepcionar, no que refire a porcentaxes, o réxime de financiamento de gastos plurianuais previsto no artigo 155.3 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, en aplicación da posibilidade conferida ao Pleno polo apartado 5º do citado artigo 155.

5.- Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio.

6.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

A Coruña, de dous mil seis

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Salvador Fernández Moreda, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral da Corporación D. José Luis Almau Supervía.

Doutra parte D. , en representación do Consorcio Pro-Feiras e Exposicións de Ferrol.

EXPOÑEN:

1.- Que a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio Pro-Feiras de Ferrol consideran de grande interese o obxectivo de financiar de maneira conxunta o proxecto que se incorpora ao presente convenio.

2.- Que a Deputación da Coruña é receptiva ao acondicionamento e mellora no recinto feiral de Ferrol.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e o Consorcio Pro-Feiras de Ferrol, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

ESTIPULACIÓNS:

PRIMEIRA. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto financiar o custo da adquisición dunha máquina de limpeza para o recinto feiral de Ferrol e, así mesmo, financiar na súa totalidade os contidos detallados no orzamento incorporado ao presente convenio.

DESCRICIÓN	PREZO
Instalación do sistema de aire acondicionado	783.335
Instalación de máquinas e condutos de aire acond.	112.252
Proxecto 1+2	35.823
Equipo de son no salón de actos	12.328
Reforma do vestíbulo 1 e 2 zona norte	48.694
Reforma do peche metálico na zona do río	3.817
Peche vexetal perimetral	18.500
	8.500
Construción do peche de aluminio	12.574
Total	1.035.823

SEGUNDA .OBRIGAS

O Consorcio Pro-Feiras e Exposicións asume a obriga de facer constar a colaboración da Excm. Deputación Provincial da Coruña en todos os soportes que se empreguen para a difusión e divulgación do proxecto.

TERCEIRA FINANCIAMENTO E PAGO

A Deputación da Coruña con cargo á partida 0305/721.A/767.00 financiará a execución dos investimentos previstos no convenio cunha achega de 350.000 euros na anualidade 2006 e outros 685.823 euros na anualidade 2007. A porcentaxe da achega provincial respecto do orzamento total dos investimentos previstos ascende ao 100%. A cantidade citada pagarase contra a presentación das certificacións de obra e facturas

acreditativas do gasto efectuado. Nas subministracións de material deberá acompañarse a acta de recepción da subministración.

De conformidade co disposto no artº 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Consorcio Pro-Feiras e Exposicións de Ferrol garante o cumprimento das prescricións incorporadas no artigo 31.3, ben mediante a presentación de 3 ofertas ou, se as especiais características do contrato así o esixen, mediante a xustificación documental da imposibilidade de realizar a licitación do contrato, todo isto de acordo coa normativa xeral de contratación das administracións públicas.

CUARTA. FORMA DE PAGAMENTO

A achega provincial librarase previa acreditación dos gastos efectivamente realizados mediante a presentación das correspondentes certificacións de obra e factura e da acta de recepción das subministracións. O importe que se librará será o que aparece reflectido no presente convenio. No suposto de non xustificar a totalidade do gasto previsto minorarase a achega da deputación mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ao importe realmente xustifico. No caso de que os gastos xustifico foran superiores ao orzamento da actividade, a achega da deputación non superará a cantidade máxima da establecida na cláusula terceira. En todo caso a achega provincial limitarase aos gastos efectivamente xustifico antes do 30 de novembro de 2007.

A achega provincial poderá ser compatible con outras achegas públicas ou privadas para idéntica finalidade. En todo caso deberanse remitir declaracións expresas das achegas públicas ou privadas obtidas para a mesma fin, sen que en ningún caso o importe total das achegas concorrentes superen o custo da actividade realmente xustifico.

QUINTA NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puideran xurdir en relación con este será competencia da xurisdición contencioso administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas que puideran xurdir na súa interpretación estarase ao disposto na Lei 13/95 do 18 de maio de contratos das administracións públicas.

SEXTA

O período de vixencia do convenio comezará o día seguinte ao da súa sinatura e entenderase até o 30 de novembro de 2007, sen prexuízo de prorrogar o dito período en virtude de causa debidamente xustifico.

SÉTIMA

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio constituirase unha Comisión integrada por un representante de cada unha das institucións asinantes.

OITAVA

Son cláusulas de resolución do presente convenio:

- 1.- O seu incumprimento total ou parcial.
- 2.- O transcurso do tempo estipulado sen que se cumpran os obxectivos previstos, agás causa debidamente xustificada.

Correspóndelle ó presidente da Corporación a interpretación, modificación e resolución do presente convenio.

Para resolver as dúbidas ou lagoas que xurdan na interpretación do presente convenio, aplicaranse supletoriamente a Lei 13/95 de contratos das administracións públicas.

En proba de conformidade, asínase o presente convenio, en sextuplicado exemplar, no lugar e data antes citados.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
DA CORUÑA

O REPRESENTANTE DO
CONSORCIO PRO-FEIRAS DE
FERROL

Asdo: Salvador Fernández Moreda

Asdo:

19.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO ASPIRE, AO ABEIRO DO PROGRAMA “ENERXÍA INTELIXENTE PARA EUROPA”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- APROBAR O PROXECTO ASPIRE, AS ACCIÓNS E OBXECTIVOS, E A DISTRIBUCIÓN FINANCEIRA DO PROXECTO CUXO DETALLE É O SEGUINTE, APRECIANDO QUE CONCORREN CAUSAS XUSTIFICADAS PARA SELECCIONAR ESTAS ACTUACIÓNS:

O proxecto ASPIRE, cunha duración estipulada de 30 meses, conta cunha dotación orzamentaria total de **1.584.160€**, dos cales a Comisión Europea financia o 50%, **792.080€**.

En relación co indicado, solicítase a tramitación administrativa do proxecto ASPIRE, e dos correspondentes acordos de xestión entre socios. Para tal efecto achégase información detallada sobre os seguintes aspectos:

- Distribución financeira do proxecto por entidade participante
- Descrición xeral do proxecto
- Concreción de accións por socio: grupos de tarefas e implicación da deputación neles.

- Orzamento e descrición do réxime de execución previsto no plan financeiro das fichas de proxecto remitidas á Comisión Europea correspondente á participación da Deputación da Coruña

a) DISTRIBUCIÓN FINANCEIRA DO PROXECTO POR ENTIDADE PARTICIPANTE

Nos correspondentes cadros do proxecto, incorporados na presente proposta, detállanse os importes totais de actuación para cada unha das entidades socias participantes.

Nome do parceiro	Achega Comisión Europea	Achega parceiro	Total proxecto
CCC	47.500	47.500	95.000
CEP	181.210	181.210	362.423
RV	120.108	120.108	240.215
UWasa	117.058	117.058	234.116
IPE LAS	64.270	64.270	128.539
ENVIROS	45.106	45.106	90.212
CTI	48.631	48.631	97.263
CMS	100.901	100.901	201.802
Deputación Provincial da Coruña	21.676	21.676	43.351
EOZEN	20.523	20.523	41.045
AILCC	12.712	12.712	25.423
HOL	12.385	12.385	24.771
TOTAL	792.080	792.080	1.584.160

No caso particular da Deputación da Coruña, consígnase un orzamento global de 43.351 € cun financiamento comunitario do 50%.

Achega Comisión Europea	Achega Deputación	Total proxecto
21.675,5 €	21.675,5 €	43.351 €

b) DESCRINCIÓN XERAL DO PROXECTO

Idea principal do proxecto:

Este proxecto pretende poñer de manifesto o papel que xoga a enerxía no desenvolvemento social e económico das comunidades e mostrar como unha mellor integración das medidas relativas á enerxía sostíbel pode contribuír á unha sostibilidade económica global. Para tal fin, créase un partenariado de socios que comparten similitudes, incluída a máis importante, a súa localización xeográfica na periferia dos grandes centros metropolitanos da Unión Europea, así como das redes nacionais de enerxía e subministración. As comunidades do partenariado precisan explotar o potencial real das súas fontes de enerxía renovábel autóctonas a prol da propia prosperidade e sostibilidade económica.

Obxectivos:

- Unha das finalidades principais desta proposta é, pois, a de crear Comunidades de Enerxía Sostíbel en áreas periféricas da Unión Europea, a través da elaboración, adopción, e a transferencia de boas prácticas ou reprodución xeográfica de Plans de acción de enerxía sostíbel. Para este fin, o proxecto ASPIRE presenta a formulación de solucións e a eliminación de barreiras comúns con obxecto de potenciar a integración en materia de enerxía sostíbel a nivel local. Estas barreiras refírense, fundamentalmente, á escaseza de coñecemento, por parte dos cidadáns europeos, da importancia do fomento da enerxía sostíbel como soporte ao desenvolvemento das economías locais, así como a falta de coñecemento ou asimilación, por parte dos grupos clave de destinatarios (promotores, arquitectos, políticos, etc) das rendíbeis oportunidades que existen para integrar medidas de enerxía sostíbel dentro dos novos esquemas de rexeneración e desenvolvemento.
- Este proxecto alberga, así mesmo, como propósito a identificación de estruturas de financiamento e esquemas de apoio á creación de servizos enerxéticos a nivel local en comunidades de baixa densidade para reducir o uso de fontes externas de subministración enerxética.

c) CONCRECIÓN DE ACCIÓNS POR SOCIO

As actuacións do proxecto ASPIRE estrutúranse arredor de 6 grupos de tarefas que se presentan a continuación, precisando, en cada un deles o papel desempeñado ou a contribución da Deputación da Coruña no marco de desenvolvemento da proposta:

- **Grupo de tarefas 1: Xestión**

Inclúe a participación da Deputación da Coruña en reunións e a colaboración na xestión do proxecto mediante a entrega ao coordinador de toda a información requirida para a elaboración dos preceptivos informes.

- **Grupo de tarefas 2: Proceso de Planificación das Comunidades de Enerxía Sostíbel**

Participación da deputación no grupo de traballo conxunto e seguimento do proxecto.

- **Grupo de tarefas 3: Coñecemento da Comunidade e Desenvolvemento de Capacidades (Capacitación)**

Participación no desenvolvemento dos grupos de traballo e na implementación das actividades orientadas a incrementar o coñecemento, por parte das autoridades locais e entidades interesadas, sobre a capacidade de creación e aproveitamento de recursos. Así mesmo, neste grupo de tarefas inclúese a colaboración na difusión dentro da provincia das actividades e conclusións acadadas polos grupos de traballo, a través da web ou doutros mecanismos como encontros ou xornadas locais, mailings, etc.

- **Grupo de tarefas 4: Plans de Acción de Enerxía Sostíbel e Execución**

Colaboración na preparación dunha estrutura modelo transferible e investigación de posibles opcións de financiamento para a integración da enerxía sostíbel nalgúns concellos da provincia da Coruña.

- **Grupo de tarefas 5: O modelo de Comunidade de Enerxía Sostíbel ASPIRE**

Tradución das ferramentas das Comunidades de Enerxía Sostíbel ao galego e castelán, apoio ao establecemento de indicadores e participación en grupos de traballo conxuntos.

- **Grupo de tarefas 6: Comunicación e Difusión**

Tradución dos materiais de promoción ao galego e castelán usando o logotipo do proxecto e difusión destes entre os actores principais da provincia. A isto cómpre engadir a participación en grupos de traballo para a difusión, establecendo ligazóns desde a páxina web da Deputación da Coruña e da Fundación da Axencia Enerxética da provincia da Coruña (FAEPAC) á web de ASPIRE; este grupo de tarefas inclúe, así mesmo, a participación nun evento europeo, e a realización de tres presentacións na provincia da Coruña con obxecto de difundir a información relativa ao proxecto.

d) ORZAMENTOS

O orzamento asignado a cada un dos socios distribúese conforme ao previsto no plan financeiro das fichas de proxecto remitidas á Comisión Europea. A distribución orzamentaria da Deputación da Coruña segue a estrutura segundo o cadro que se inclúe a continuación:

TIPO DE GASTO	IMPORTE
Gastos de persoal	16.275€
Subcontratacións	12.000€
Gastos de viaxe	4.320€
Outros gastos específicos (viaxes)	7.920€
Gastos indirectos	2.836€
TOTAL GASTO	43.351€

O financiamento acordado para o proxecto é o seguinte:

- Programa Enerxía Intelixente Europa: 21.675,5 €
- Deputación Provincial da Coruña: 21.675,5 €

2.- APROBAR A DISTRIBUCIÓN FINANCIERA DO PROXECTO ASPIRE CORRESPONDENTE Á PARTICIPACIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

O reparto orzamentario e a imputación temporal do proxecto sería o seguinte:

TIPO DE GASTO	TOTAL ASPIRE	IMPUTACIÓN TEMPORAL				PARTIDA ORZAMENTARIA
		2006	2007	2008	2009	
Gastos de persoal Imputación % nómina RDA	16.275	1.912,15 €	8.100,56 €	5.188,14 €	1.074,15 €	-
Subcontratacións: -Traducións -Presentacións públicas			3.000 2.000	2.000	3.000 2.000	
Total Subcontratacións	12.000		5.000	2.000	5.000	0305/731B/227.99
Gastos de viaxe de deputados: Viaxes		1v*1p	2v*1p	3v*1p		
Total gastos de viaxe	4.320	720	1.440	2.160		0305/731B/226.99
Outros gastos específicos (viaxes de persoas invitadas pola deputación)		1v*2 p	2v*2 p	2v*2 p 1v*1p		
Total doutros gastos específicos (viaxes de persoas invitadas pola deputación)	7.920	1.480	2.880	3.560		0305/731B/226.99
Gastos indirectos	2.836	287,85	1219,44	903,57	425,14	-
TOTAL	43.351€	4.400,00 €	18.640,00 €	13.811,71 €	6.499,29 €	

De cara á contabilidade da deputación, o Plan de execución do proxecto, sería o seguinte¹:

ANO	GASTO PREVISTO		INGRESOS AFECTADOS PREVISTOS		DIFERENZA ENTRE GASTO REAL E SUBV.
	Partida	Importe	Concepto	Importe	
2006	0305/731B/226.99 Persoal e gastos indirectos	2.200,00 2.200,00	EIE	2.200,00	0 Fondos Propios
2007	0305/731B/226.99 0305/731B/227.99 Persoal e gastos indirectos	4.320,00 5.000,00 9.320,00	EIE	9.320,00	0 Fondos Propios
2008	0305/731B/226.99 0305/731B/227.99 Persoal e gastos indirectos	5.720,00 2.000,00 6.091,71	EIE	6.905,86	814,14 Fondos Propios
2009	0305/731B/227.99	5.000,00	EIE	3.249,65	1.750,36

¹ A efectos de rexistro contábel do orzamento do proxecto, non deberán terse en conta os gastos de persoal e os gastos indirectos, por ser obxecto de contabilización no orzamento xeral da deputación

Persoal e gastos indirectos	1.499,29		Fondos propios
TOTAL PROXECTO	43.351,00€		

3.- APROBAR AS RESPONSABILIDADES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA COMO PARCEIRO DO PROXECTO:

O proxecto detalla a asunción xeral de responsabilidades diferenciadas por socio, nos que se contemplan tanto autoridades locais como expertos, segundo o nivel que ocupan.

O partenariado de cooperación transnacional baséase en tres niveis:

- 1) Coordinador do proxecto
- 2) Socios principais, que representan a comunidades específicas que executarán as accións fundamentais dentro do proxecto, desenvolvendo, en particular, os Plans de acción de enerxía sostíbel.
- 3) Socios que participan, no marco de grupos de traballo conxuntos, con obxecto de aprender do proceso ASPIRE, levar a cabo as actividades de difusión do proxecto e contribuír á creación do conxunto de ferramentas necesarias para a implementación desta proposta.

1) Cornwall, en calidade de coordinador, asume as seguintes tarefas:

- Liderar o proxecto, asegurándose que é implementado de acordo co contrato.
- Ser o intermediario de todas as comunicacións necesarias entre os beneficiarios e a Axencia Executiva do Programa Enerxía Intelixente Europa, en adiante IEEA.
- Ser responsábel de subministrar toda a documentación e información que poida ser requirida no marco do contrato á IEEA, en particular, a relativa ás solicitudes de pagamento. O coordinador non poderá delegar esta tarefa nin nos beneficiarios nin en ningunha outra entidade. Sempre que se solicite unha información relacionada cos beneficiarios, o coordinador deberá ser responsábel de obter e verificar a dita información previamente á súa remisión para IEEA.
- Informar aos beneficiarios de calquera asunto que considere que poida afectar ou retrasar a implementación do proxecto.
- Informar á IEEA sobre as transferencias de orzamento
- Establecer as solicitudes de pagamento en nome dos beneficiarios, detallando a porcentaxe e as cantidades exactas asignadas a cada beneficiario e, de acordo co contrato, dos custos elixibles estimados no anexo II así como os actuais custos incorridos.
- Ser responsábel de transferir aos beneficiarios, dentro dos seguintes 30 días á recepción dos fondos, a cantidade correspondente. O coordinador, informará á CE da devandita distribución así como da data da transferencia.

2) Os co-beneficiarios, asumen as seguintes tarefas:

- Acordar nos seus respectivos territorios as actuacións necesarias para as tarefas que lles corresponde desenvolver en base ao establecido no anexo I do contrato
- Remitirlle ao coordinador a información necesaria para a redacción de informes, balances financeiros e aquela outra documentación que se inclúe como entregábel dentro do contrato
- Asegurar que toda a información que deba ser remitida á IEEA, se realice a través do coordinador
- Informar ao coordinador inmediatamente sobre calquera incidencia que afectase ou puidese retrasar o desenvolvemento do proxecto
- Informar á IEEA, vía coordinador, das transferencias de orzamento

- Proporcionarlle ao coordinador calquera documento necesario para a realización de auditorías ou avaliacións.

3) A Deputación da Coruña é unha das cobeneficiarias e deberá asumir as citadas responsabilidades no marco do contrato. Non obstante, insírese na proposta como un socio de nivel 3, detallándose no proxecto a asunción de responsabilidades diferenciadas para esta categoría do partenariado:

- Difusión e proba do método ASPIRE na súa propia comunidade ao nivel máis amplo posíbel.
- Introducción no proceso dos elementos das comunidades que non acadan aínda un nivel avanzado no que se refire á planificación e promoción da enerxía sostíbel.
- Participación en reunións de socios e grupos de traballo conxuntos.
- Contribución á xestión global do proxecto, incluíndo a realización de informes de progreso e financeiros.

4.- FACULTAR AO PRESIDENTE DA CORPORACIÓN PARA EXECUTAR O PRESENTE ACORDO.”

20.-RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS FORMULADAS POLA ASOCIACIÓN NERIA CONTRA A RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA POLA QUE SE RESOLVEU O PAGAMENTO DA COTA DE SOCIO DA DEPUTACIÓN CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2006.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Estimar a primeira alegación formulada pola asociación Neria, no escrito presentado polo seu presidente: D. José Manuel Pequeño Castro, o 16.08.2006, contra a resolución da Presidencia da Excma. Deputación Provincial da Coruña, pola que se resolveu o pago da cota de socio da deputación correspondente ao exercicio de 2006, e en consecuencia, acordar a achega da Excma. Deputación Provincial á Asociación Neria para os exercicios 2000 a 2005, en 72.120 euros e non nos 6.010 euros por concello; por ter acreditado que os fondos previstos pola asociación como achega provincial foron destinados a actividades de interese xeral e en todo o territorio o que estende a súa acción á asociación NERIA e, para evitar o quebranto económico que se derivaría de non aplicar as devanditas cotas ás finalidades ás que foron aplicadas.

2.- Dar por xustificada a cota pagada pola Excma. Deputación Provincial á Asociación Neria nos exercicios 2000 a 2005.

3. Desestimar a segunda alegación formulada pola Asociación Neria, no escrito presentado polo seu presidente: D. José Manuel Pequeño Castro o 16.08.2006, contra a resolución da Presidencia da Excma. Deputación Provincial da Coruña, pola que se resolveu o pagamento da cota de socio da deputación correspondente ao exercicio 2006; e, en consecuencia, manter a cota de socio da deputación á asociación para os exercicios 2007 e seguintes nos 66.110 euros (6.010 euros por concello membro da asociación).

A motivación da desestimación ten a súa causa no agravio que se produciría no caso de estimar a alegación fronte ao resto dos grupos de acción local da provincia que participan na convocatoria anual, na que se establece como achega anual da deputación aos grupos a de 6.010 euros por concello membro”.

4.- Condicionar a eficacia definitiva do presente acordo á adopción, pola asemblea plenaria da Asociación Neria do oportuno acordo no que quede definitivamente fixada a cota de socio da Excma. Deputación Provincial da Coruña para os exercicios 2000 a 2005 en 72.121 euros anuais, e para os exercicios 2007 e seguintes en 66.110 euros (6.010 por concello membro).”

21.-PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á ENTIDADE APEM (ASOCIACIÓN PRO DOENTES MENTAIS) PARA A REFORMA E AMPLIACIÓN DO CENTRO “OS CHOPOS” NA CORUÑA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- A aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e APEM (Asociación Pro Enfermos Mentais) que ten o CIF G-15034176, con sede na praza dos Chopos, bloque 22, 1, na Coruña, para o cofinanciamento das obras de reforma e ampliación do Centro de Rehabilitación psicosocial e laboral dos Chopos na Coruña, cunha achega da deputación de 90.000 euros, que representa o 26,69% do total dos gastos do proxecto básico de execución presentado, que é o previsto inicialmente para a obra citada.

2º.- O pago da achega aboarase de acordo co indicado no informe da Intervención e de conformidade coa cláusula cuarta do convenio, que require entre outra documentación xustificativa da realización das obras, a achega da licenza e proxecto técnico correspondente a esta.

3º.- O pago farase efectivo con cargo á aplicación presupostaría 0701/313M/789.01 do vixente presuposto.

4º.- Facúltase á Presidencia para todo o relacionado coa execución do convenio.”

22.-TOMA DE COÑECEMENTO DA CONCESIÓN DE AXUDA POLA COMISIÓN EUROPEA, DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO, ASUNTOS SOCIAIS E IGUALDADE, PARA O PROXECTO DE FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES “TRABALLANDO NA CORRESPONSABILIDADE NO ÁMBITO LOCAL”, E ACORDOS SOBRE A SÚA EXECUCIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.-Tomar coñecemento da aprobación definitiva da Comisión Europea (da Dirección Xeral de Emprego, Asuntos Sociais e Igualdade de Oportunidades), do proxecto "Traballando na Corresponsabilidade" a desenvolver entre a Deputación da Coruña e os socios dela, que son a Vicepresidencia do Benestar da Xunta de Galicia, os Concellos de Narón e A Coruña, a Comuna de Asti en Italia, e as entidades de Dekka Trikala de Grecia e Foundation Tuuru de Estonia, e da concesión dunha achega por importe de 361.039,45 euros, para o seu financiamento.

2º.- Dispoñer a apertura dunha conta específica para esta actividade, e comunicarllo á Comisión para a referencia no expediente deste proxecto.

3º.- Facultar á Presidencia da Corporación para as xestións que sexan necesarias para a posta en marcha e execución do proxecto cuxo presuposto total ascende a 452.039,45 euros, e do que corresponde unha achega por parte da deputación de 25.000 euros.

Tendo en conta os gastos previstos para seren xestionados pola deputación e que a achega da Comisión é do 79,87% do proxecto, acórdase a retención de crédito nesta contía do gasto previsto, que ascende a 140.543,62 euros.

Este compromiso da deputación, realizarase con cargo á aplicación presupostaría 0701/324A/ 227.99 do vixente presuposto.”

23.-APROBACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO, ANO 2007.

INTERVENCIONS

Sr. Nogueira Fernández

A emenda diría, é un engadido, un apartado f), despois do apartado e), da proposta de resolución, que se trae aquí no primeiro punto da resolución aprobada na Comisión, que iría: “As prazas de auxiliar educador e auxiliar-educador nocturno creadas pola transformación das prazas de celador/celadora e velador/veladora, haberán de ser provistas por promoción interna entre as celadoras/celadores e veladoras/veladores da deputación, nas condicións establecidas no Plan de emprego aprobado por esta deputación e actualmente en vigor”.

Sr. Torres Colomer

Dicir que votamos a favor desta emenda, para a súa incorporación no cadro de persoal, pero que seguimos mantendo esa abstención que anunciaba antes.

Sra. Vázquez Veras

Posiblemente porque se trata dun acto, non diría formal, si importante para todos os traballadores e traballadoras da deputación, pero como sempre chega no último punto da orde do día dá a impresión de que por parte desta Corporación non se lle dá importancia, e eu penso que si é importante. Eu, en todo caso, quería aclarar o porqué se chega, por parte dos dous grupos que formamos parte do Goberno provincial, o PSOE e o BNG, a facer esta proposta ao Pleno, e para iso quírome remitir ao que era a introdución que facía o Sr. Nogueira na apertura da Mesa de Negociación, na Mesa Xeral de Negociación que se celebrou o 9 de novembro, falaba de que houbo circunstancias que fixeron que se chegase a unha proposta que posiblemente non estivese ultimada, pero por ser de obriga de incorporar o cadro de persoal e a relación de postos de traballo á aprobación do orzamento, teríamos que facelo así, e en todo caso que quedaban pendentes determinados aspectos fundamentalmente que forman parte do desenvolvemento do Plan de emprego que se aprobou a inicios de ano pero que inmediatamente despois do 30 de novembro se ía comezar a traballar neles. E nese sentido falábase, en concreto, de dúas áreas, as oficinas de recadación e toda a área de benestar social.

Eu quero facer tamén esta intervención porque, efectivamente, dentro das propostas de acordo que hai, en concreto, a transformación destas 25 prazas de celador e veladoras en auxiliares educativos, pódese entender que hai unha contradición co que é os apartados de promoción interna que se fala no Plan de emprego. En todo caso dicir que, efectivamente, no Plan de emprego, que tamén ten un calendario de execución para o ano 2006 se falaba da transformación de 25 prazas de celador en auxiliares e educadores e, xa que logo, faise ese tipo de transformación neste Pleno para a incorporar á RPT, pero en todo caso iso non quita que está pendente, e está pendente con ese estudo que se quere facer na área de benestar social e dos fogares, está pendente o deseño definitivo dos cadros de persoal dos fogares, a confección e a realización dos cursos de formación, o proceso selectivo que se faga e, por último, a cubrición de vacantes.

